

**GRAO EN SOCIOLOXÍA**

**TRABALLO DE FIN DE GRAO**

**CURSO ACADÉMICO: 2015-2016**

**CONVOCATORIA: xuño**



**Cartografando o iceberg oculto:**

unha aproximación aos cuidados a maiores dependentes no rural galego.

**Cartografiando el iceberg oculto:**

una aproximación a los cuidados a mayores dependientes en el rural gallego.

**Mapping The Hidden Iceberg:**

an approach to the care of dependent elderly people in rural Galicia.

**NOME DA ALUMNA:** Sandra López Pereiro

**NOME DA DIRECTORA:** Antía Pérez Caramés

## RESUMO:

Esta investigación céntrase no coidado de maiores dependentes no rural galego. O obxectivo xeral é analizar as estratexias de coidado das familias e os seus discursos arredor do coidado. A metodoloxía escollida é de carácter cualitativo e baséase en entrevistas en profundidade a familiares de maiores dependentes e a persoas expertas. O resultado ten dúas vertentes. Por un lado, descríbense de forma detallada as estratexias e discursos. Polo outro, analízase especificamente a relación que a herdanza e a masculinización da poboación gardan coas estratexias de coidado, así como a influencia dos perfís sociodemográficos nos discursos.

**Palabras chave:** cuidados, rural, herdanza, familia, masculinización, dependencia.

## RESUMEN:

Esta investigación se centra en el cuidado de mayores dependientes en el rural gallego. El objetivo general es analizar las estrategias de cuidado de las familias y sus discursos sobre el cuidado. La metodología elegida es de carácter cualitativo y se basa en entrevistas en profundidad a familiares de mayores dependientes y a personas expertas. El resultado tiene dos vertientes. Por un lado, se describen de forma detallada las estrategias y discursos. Por otro, se analiza específicamente la relación que la herencia y la masculinización de la población guardan con las estrategias de cuidado, así como la influencia de los perfiles sociodemográficos en los discursos.

**Palabras clave:** cuidados, rural, herencia, familia, masculinización, dependencia.

## ABSTRACT:

This research is focused on the care of dependent elderly people in rural Galicia. The general objective is to analyze care strategies of families and their discourses about caring. Qualitative methodology is used to fulfill it, developing in-depth interviews with relatives of dependent elderlies and also with some experts. The result has two sides: on the one hand, strategies and discourses are deeply described. On the other hand, the relationship between care strategies and other aspects such as inheritance and the masculinization of population is analyzed, as well as the influence of sociodemographic profiles in the discourses.

**Key words:** care, rural, inheritance, family, masculinization, dependence.

*A socioloxía, como todas as ciencias, ten a función de desvelar as cousas ocultas.*

Pierre Bourdieu, 1996

### **AGRADECIMENTOS:**

A todas as persoas que me prestaron as súas voces, pola súa amabilidade e as súas impagables ensinanzas. A Antía, por aportarme os seus coñecementos e a súa tranquilidade, e por facelo sempre con paciencia e bo humor. A todxs xs compas da Facultade que me botaron unha man con isto, fose do xeito que fose. Especialmente a Brais, gran sociólogo e mellor amigo. Tamén a todas esas amizades que, a pesares de pertencer a outras especies académicas, aturaron os meus desvelos e me axudaron en todo o posible. A Pablo, por acompañarme (tamén) neste proceso e por inspirarme sempre co seu extraordinario talento para formular preguntas. E, moi especialmente, á miña familia, un excepcional equipo que me trouxo ata aquí e que, por se iso fose pouco, colaborou de mil maneiras neste traballo.

A todxs, moitas grazas!

# ÍNDICE

<b>1. INTRODUCCIÓN</b>	<b>7</b>
1.1 XUSTIFICACIÓN DA TEMÁTICA	7
<b>2. MARCO TEÓRICO</b>	<b>9</b>
2.1 CARA A UNHA PERSPECTIVA DO COIDADADO: OS ANTECEDENTES	9
2.1.1 OS PRECEDENTES DA SOCIOLOXÍA CLÁSICA	9
2.1.2 O TRABALLO DOMÉSTICO, UNHA ANTESALA	11
2.2 OS COIDADADOS: CONCEPTO, ÉTICA E INVESTIGACIÓNS	12
2.2.1 UNHA CONCEPTUALIZACIÓN COMPLEXA	13
2.2.2 UNHA ÉTICA DOS COIDADADOS?	14
2.2.3 APROXIMACIÓNS EMPÍRICAS	15
2.3 A CRISE DOS COIDADADOS NO CONTEXTO RURAL GALEGO	16
2.3.1 O ENVELLECIMENTO DUNHA GALICIA RURAL	16
2.3.2 A INCORPORACIÓN DAS MULLERES AO TRABALLO REMUNERADO E OS CAMBIOS NAS REDES FAMILIARES	18
2.4 RELACIÓNS INTERXERACIONAIS, HERDANZA E COIDADADOS	20
<b>3. OBXECTO, OBXECTIVOS E HIPÓTESES</b>	<b>23</b>
3.1 DELIMITACIÓN DO OBXECTO DE ESTUDO	23
3.2 EXPOSICIÓN DOS OBXECTIVOS	23
3.3 FORMULACIÓN E ARGUMENTACIÓN DAS HIPÓTESES	24
<b>4. DESEÑO METODOLÓXICO</b>	<b>25</b>
4.1 XUSTIFICACIÓN DA METODOLOXÍA ESCOLLIDA	25
4.2 CONTEXTO XEOGRÁFICO. DESCRICIÓN E ARGUMENTACIÓN	26
4.3 PERFIL DAS PERSOAS ENTREVISTADAS	28
4.4 GUIÓN DAS ENTREVISTAS	30
4.5 DESENVOLVEMENTO DO TRABALLO DE CAMPO	31
<b>5. ANÁLISE DOS RESULTADOS</b>	<b>32</b>
5.1 OS CASOS ENTREVISTADOS:	32
5.2 AS ESTRATEXIAS	33
5.2.1 A NON-TOMA DA DECISIÓN	34
5.2.2 O REPARTO CO RESTO DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR	34
5.2.3 A AXUDA DE FIN DE SEMANA	35
5.2.4 COMBINANDO O COIDADADO PROFESIONAL	36
5.2.5 O PAPEL SECUNDARIO DAS AXUDAS PÚBLICAS	37
5.2.6 O COIDADADO EN RESIDENCIAS, UNHA ESTRATEXIA RESIDUAL	37

<b>5.3 Os DISCURSOS ARREDOR DO COIDADADO</b>	<b>38</b>
5.3.1 A PARADOXAL PERCEPCIÓN DAS RESIDENCIAS	39
5.3.2 ALTERNATIVAS DESEXABLES	40
5.3.3 A VISIÓN DO REPARTO DE TRABALLOS	41
5.3.4 UN DISCURSO <i>FOGARISTA</i> : COMA NA CASA, EN NINGURES	42
<b>5.4 O REPARTO DA HERDANZA E AS SÚAS IMPLICACIÓNS</b>	<b>43</b>
5.4.1 A MELLORA	43
5.4.2 A RELACIÓN COIDADOS-HERDANZA	44
<b>5.5 A IMPORTANCIA DA COMPOSICIÓN POR XÉNERO DA UNIDADE FAMILIAR</b>	<b>46</b>
<b>6. CONCLUSIÓNS:</b>	<b>47</b>
<hr/>	
6.1 BALANCE ARREDOR DOS OBXECTIVOS	47
6.2 POSTA A PROBA DAS HIPÓTESES	49
6.3 UNHA BREVE REFLEXIÓN A PROPÓSITO DO MARCO TEÓRICO	50
6.4 FRONTES ABERTAS	51
<b>7. DIFICULTADES ENCONTRADAS E AUTOAVALIACIÓN</b>	<b>53</b>
<hr/>	
<b>8. BIBLIOGRAFÍA E FONTES CONSULTADAS</b>	<b>55</b>
<b>9. ANEXOS:</b>	<b>1</b>
<hr/>	
9.1 ANEXO I: DOS OBXECTIVOS AOS SUBTEMAS	2
9.2 ANEXO II: GUIÓN INICIAL DAS ENTREVISTAS	3
9.2.1 PERSOA EXPERTA 1	4
9.2.2 PERSOA EXPERTA 2	4
9.2.3 PERSOA EXPERTA 3	4
9.3 ANEXO III: FICHAS DAS ENTREVISTAS A FAMILIARES	5
9.4 ANEXO IV: TÁBOA-RESUMO RESULTADOS	15
9.5 ANEXO V: ENTREVISTA A E5 (ELISA)	18

## **1. INTRODUCCIÓN**

Este traballo é a intersección de dous mundos entre os cales vivo: a realidade cotiá da miña vida familiar e o universo académico sociolóxico no que levo case catro anos mergullada. Trátase dunha investigación que naceu das preguntas xeradas polas experiencias do día a día, que madurou entre páxinas de teoría e que se desenvolveu observando un terreo coñecido a través dos lentes sociolóxicos.

O resultado é a pequena cartografía dos coidados a maiores dependentes nun recanto do rural galego que se pode ler nas páxinas que veñen a continuación. Estas comezan resaltando a relevancia dos coidados como obxecto de estudo e seguen cun achegamento teórico a eles e a diferentes temas de interese para o traballo. Posta sobre a mesa a fundamentación teórica, continúaase marcando os puntos de partida da investigación empírica e definindo a metodoloxía utilizada. A continuación analízanse os resultados obtidos e, xa nas conclusións, valórase en que medida compren co proposto nun primeiro momento e sintétízase o seu contido. No mesmo apartado faise unha breve reflexión fiando resultados e teoría, ademais dunha recollida das fronteas abertas que a investigación deixa. Finalmente, o percorrido remata co relato das dificultades atopadas e a autovaloración do traballo realizado.

### **1.1 Xustificación da temática**

Os coidados son unha realidade que merece ser investigada en todas as súas formas e con toda a profundidade posible. Definidos por primeira vez nos anos 80 na literatura británica feminista (Martínez Buján, 2010), o seu curto percorrido é tamén moi intenso. A bibliografía existente é abundante, aínda que coas carencias propias da súa xuventude.

Como acontece con tantos outros conceptos en Socioloxía, a definición dos coidados resulta complicada e está en discusión (Carrasco, Borderías e Torns, 2011). Unha definición introdutoria pertinente pode ser a que proporciona Amaia Pérez Orozco (2014). Segundo a mesma, os coidados son o conxunto de actividades que, en última instancia, aseguran a vida humana, os cales adquiren sentido no marco das relacións interpersoais (Íbid. 90). Como tales, son o sustento da vida das persoas e de todas as actividades que realizan. Trátase dunha actividade que non pode obviarse, pois ela é o alicerce de todas as demais.

Porén, a importancia dos coidados é escasamente recoñecida polas sociedades. Historicamente invisibilizados e menosprezados, a miúdo son actividades que se dan

por supostas e que se presupoñen de rango inferior. Ligadas á esfera privada, o seu desvalorizado cumprimento recae tradicionalmente nas mulleres (Carrasco et al., 2011).

Utilizando unha metáfora habitual na materia, os cuidados son a parte mergullada dun iceberg. Son necesarios para que a porción que se atopa na superficie exista, mais están ocultos baixo ela (Pérez Orozco, 2014). Isto mostra a pertinencia de realizar investigación sobre o tema nun dobre sentido: por un lado, son un eido de gran importancia na sociedade; por outro, trátase dunha realidade moi agochada e tradicionalmente obviada.

A esta relevancia intrínseca úneselle un contexto singular caracterizado polo derrubamento das formas tradicionais de cuidado. A incorporación das mulleres ao mercado laboral cambia completamente do debuxo previo da división sexual do traballos nos núcleos familiares (Borderías, Carrasco e Alemany, 1994). Semella claro que a situación mudou, mais non tanto cara a onde. Por iso é vital investigar para comprender esta realidade que tanto impacto ten sobre a vida das persoas.

Nese sentido o rural galego é un escenario particularmente interesante. A realidade do envellecemento provoca un aumento das persoas en situación de dependencia e, polo tanto, do traballo de cuidados a realizar. Esta circunstancia combínase cunha baixa proporción de efectivos das xeracións potencialmente cuidadoras, creándose un escenario no que se fan necesarias novas solucións e estratexias que cómpre investigar. A maiores, o rural é tamén un campo no que a pegada da tradición é máis fonda e visible, polo que permite observar de xeito privilexiado a tensión entre o que foi e o que está por vir.



## **2. MARCO TEÓRICO**

Para enmarcar teoricamente esta investigación xulgouse necesario abarcar catro aspectos. En primeiro lugar realízase unha recollida dos antecedentes máis relevantes do estudo dos coidados. Esta inclúe unha breve ollada aos nomes da socioloxía clásica que máis se achegaron á temática e unha síntese do percorrido teórico do concepto de traballo doméstico, o precedente máis claro. A continuación dáse conta das dimensións máis importantes dos coidados: a súa definición teórica, o debate ético que protagonizaron e as primeiras achegas empíricas de referencia. Proséguese cun descenso ao contexto concreto do rural galego e á situación actual dos coidados. Finalmente, pecha o marco un apartado dedicado ás relacións interxeracionais e ao vínculo entre herdanza e coidados.

### **2.1 Cara a unha perspectiva do coidado: os antecedentes**

Os coidados non son conceptualizados ata os anos 80 do século XX. Porén, existe todo un camiño teórico previo no que se producen aproximacións á cuestión e que é necesario para comprender o seu desenvolvemento.

#### **2.1.1 Os precedentes da socioloxía clásica**

A Socioloxía é unha disciplina que nace co desexo de manter a orde social nunha época convulsa e chea de cambios (Giddens, 2014). Nese contexto concedéuselle á familia unha enorme importancia, pois considerábase unha institución básica da orde social. Como tal, os/as sociólogos/as do momento preocupáronse por comprender o seu funcionamento interno e as súas dinámicas (Martínez Buján, 2010 p.43). É nas reflexións arredor desta temática onde os precursores e clásicos da socioloxía se achegan, aínda a distancia prudencial, a problemática dos coidados.

Harriet Martineau, nai fundadora esquecida da socioloxía (Ritzer, 2012 p. 306), é o nome máis destacado dentro da primeira xeración de sociólogos. Nas súas investigacións tivo en conta a situación das mulleres e atendeu a cuestións da vida doméstica, o matrimonio e os fillos (Martín Palomo, 2014), co que se trata dun primeiro e interesante precedente en facer socioloxía desa temática e con enfoque de xénero.

Outro autor pioneiro no estudo da vida doméstica —non da súa investigación con enfoque de xénero— foi Frédéric Le Play. Preocupado polo mantemento da orde social, deu ás familias un papel privilexiado na estabilidade da sociedade. Para el a estabilidade social depende da estabilidade familiar (Garrigós, 2003), e esta descansa nas mulleres,

pois son elas as encargadas de transmitir os valores da comunidade. A súa análise dalgunha maneira implica a comprensión de que a esfera privada sostén a vida pública (Martín Palomo, 2014).

Dende a óptica marxista o pensador clave no relativo á familia foi Friedrich Engels. El dedicou unha obra ao estudo das relacións entre a familia, a propiedade privada e o estado (Engels, [1884] 1963), a cal rematou por converterse nun referente de peso para o posterior movemento feminista. Nela, apoiándose nas teorías de Morgan, o autor traza o camiño histórico que leva á familia nuclear patriarcal predominante no momento (Varela, 1999).

Ao contrario que Karl Marx, Engels separa a xénese do patriarcado da do capitalismo, sinalando que o primeiro é anterior (Martínez Buján, 2010). Interpreta que a dominación masculina, traducida na relegación das mulleres ás tarefas de reprodución, está vinculada ao nacemento e evolución da propiedade privada. Esta, desemboca nun proceso indefinido que supón a supremacía dos homes e a transmisión dos bens aos mesmos. A igualdade para Engels virá da man da fin das relacións capitalistas e coa incorporación da muller ao mundo laboral (Varela, 1999).

Este autor sinala as dúas formas de traballo que caracterizan o público e o privado: a produción e a reprodución, e entende a situación das mulleres con respecto a esta división (Martín Palomo, 2014). De feito, tamén expón a problemática da conciliación entre as dúas esferas que supón a incorporación das mulleres ao traballo industrial (íbid.).

Talcott Parsons está considerado cronoloxicamente o derradeiro clásico (Ritzer, 2012). A súa obra e enfoque teñen encaixe neste marco máis como representantes do que o funcionalismo significou para a aproximación ao estudo dos coidados que como achegas ao tema propiamente ditas. Herdeiro de Durkheim, Parsons sinalou que a familia nuclear propia da industrialización tiña o papel de socializar na infancia e de dar apoio emocional ás persoas adultas, axudándolles así a sobrelevar o competitivo mundo exterior. Estas tarefas recaen sobre as mulleres, as cales teñen un rol expresivo fronte ao rol instrumental dos homes, os provedores económicos por medio da inserción no mercado laboral (Martín Palomo, 2014).

Así pois, para Parsons mulleres e homes son moi diferentes e cada quen ten o seu marco de tarefas especializado e complementario. Asumindo esta condición de complementariedade o autor entende que non se poden dar conflitos dentro das familias, pois só son unidades harmónicas nas que as diferenzas son funcionais. Consecuentemente, para Parsons non é desexable a igualdade entre mulleres e homes

porque significaría unha alteración profunda nas bases da organización social (Martínez Buján, 2010 p. 46).

Este enfoque, no que os coidados como obxecto teñen escaso interese, foi o dominante na socioloxía de mediados do século XX. Para que estes pasaran a formar parte do debate foi necesario sinalar que as familias non eran unidades perfectamente harmónicas, rachando coa concepción funcionalista que agochaba parte da súa realidade.

### **2.1.2 O traballo doméstico, unha antesala**

Hai un concepto que articula os debates arredor do papel das mulleres dentro das familias e das tarefas que realizan: o de traballo doméstico. Destapalo e debater as súas implicacións supuxo a antesala da conceptualización e discusión sobre os coidados.

Ata mediados do século XX a asociación do concepto de traballo co emprego remunerado era pouco menos ca total. É nese momento cando comezan os interrogantes arredor do traballo doméstico, que levan a intensos debates e que obrigan a crear novas ferramentas de análise (Borderías et al., 1994).

Simone de Beauvoir escribe no ano 1945 *El segundo sexo*. Esta obra supón un punto de inflexión no pensamento feminista e pode considerarse prólogo dos debates arredor do traballo doméstico. Nelaponse de manifesto que o xénero é unha construción social e que as mulleres se atopan nunha condición de subordinación (de Beauvoir, [1945] 1998). Ademais resalta incorporación ao traballo remunerado das mulleres e a socialización do traballo doméstico como claves para emancipación das mulleres, achegándose así aos debates que estaban por vir (Íbid.).

Porén, non é ata a década dos 70 que o traballo doméstico se perfila como obxecto de estudo concreto (Borderías et al., 1994). Nesta data comeza unha fonda discusión sobre o concepto moi vencellada ao marxismo. Discútese o encaixe dos conceptos marxistas na análise da realidade do traballo doméstico, así como a necesidade do movemento feminista de ser un movemento independente.

O debate é complexo e progresivo, co que se fai moi difícil de sintetizar. Porén, pode ser útil resumilo en dúas tendencias. Por unha banda está a interpretación do feminismo socialista, dende a cal se contempla o traballo doméstico coma unha consecuencia do capitalismo. Dende esta óptica obsérvase que o capitalismo supuxo unha rotura co mundo preindustrial, acentuando a división sexual do traballo, e que del deriva a marxinação social do traballo reprodutivo e das mulleres (Íbid.).

Polo outro lado estaban as análises das feministas radicais, as cales falaban de dúas lóxicas diferenciadas para abordar o problema do traballo doméstico: a lóxica do capitalismo e a lóxica do patriarcado. A primeira é a propia das interpretacións marxistas que supeditan a severa separación entre reprodutivo e produtivo ao capitalismo e as súas dinámicas; a segunda identifica que o inimigo principal na situación das mulleres non é o capital, senón que hai unha explotación específica da que son os homes os beneficiarios. Mudar as relacións de produción sen máis non liberará ás mulleres (Íbid.p. 50). Así pois, segundo esta visión é necesario aplicar unha lóxica do patriarcado para comprender a cuestión, e é preciso un movemento feminista autónomo (Íbid. p. 50).

Paralelamente estaba en discusión a posición do traballo doméstico con respecto aos conceptos marxistas. Cuestionábase se se trata ou non dun modo de produción, se se pode considerar un traballo produtivo e tamén se posúe valor no sentido marxista (Íbid. p. 29). As respostas a estes interrogantes son variadas e conflitivas. Pódese considerar que o balance final foi o descubrimento da invisibilidade e marxinação do traballo que tiña lugar nas familias, e a rotura definitiva coa visión das unidades familiares como entidades harmónicas onde os traballos son complementarios.

O concepto de traballo doméstico presenta diversos paradoxos e conflitos que que ficaron irresolutos. Parte do problema reside no propio concepto de traballo, dentro do cal non rematan de caber todas as actividades de coidado (Himmelweit, 1995).

Outra fonte de contradicións neste eido foi a destapada polo chamado feminismo negro. A discusión do traballo doméstico en clave marxista chegou a identificar ás mulleres como clase específica con problemáticas específicas. Non obstante, obviou o recoñecemento de outros eixes de desigualdade que producían enormes diferencias entre as mulleres: a clase social e a etnia (Graham, 1991). Destapar esta realidade xeraba conflito na separación teórica de público e privado, pois a realidade de moitas mulleres estranxeiras era que se atopaban máis nun rol de traballadoras que no espazo doméstico (Íbid.), aínda que a miúdo ese emprego fose en traballos de coidados. Todo isto levaba a interrogantes moi complicados de resolver.

Como consecuencia destas dificultades, o debate evolucionou noutro concepto máis amplo e sen un percorrido previo tan contaminado: os coidados.

## **2.2 Os coidados: concepto, ética e investigacións**

O concepto de coidados resultou máis axeitado que o de traballo doméstico para dar conta desta realidade. Non obstante iso non quere dicir que se trate dun concepto

exento de debates e problemáticas. De feito, os cuidados presentan toda unha serie de complexidades que fan complicado determinar súa definición e o seu lugar.

### 2.2.1 Unha conceptualización complexa

Os primeiros usos dos cuidados viñeron do mundo anglosaxón e baseábanse na palabra inglesa *care*. Esta verba, cuxa tradución exacta a outros idiomas resulta moi conflitiva, inclúe dúas dimensións: o *care for* e o *care about*. A primeira fai referencia ao cuidado en si, á parte material do mesmo; a segunda reflicte a preocupación, a parte afectiva (Thomas, [1993] 2011 p. 145).

As autoras que se preocuparon polos cuidados en aquel momento utilizaron o termo sen demasiadas inxedanzas pola súa definición exacta. Influentes autores do momento como Graham (1983, 1991), Parker (1991) ou Ungerson (1990) parten de nocións diferentes.

É Carol Thomas ([1993] 2011) quen identifica esta problemática e fai un esforzo por resolvela. No seu artigo de 1993 recolle os usos máis relevantes do concepto de cuidados e, a partir deles, extrae sete dimensións que compoñen o termo (Íbid., pp. 149-151):

1. A identidade social da persoa cuidadora.
2. A identidade social da persoa receptada de cuidados.
3. As relacións interpersoais entre a persoa cuidadora e a receptora de cuidados.
4. A natureza dos cuidados.
5. O dominio social no que se localiza a relación de cuidados.
6. O carácter económico da relación de cuidados.
7. O marco institucional no que se prestan os cuidados.

Cada autor sitúase nunha posición determinada con respecto a cada unha desas sete dimensións clave, producíndose moreas de definicións diferentes (Íbid. p. 152).

A súa resposta a esta problemática é unha definición unificada que poida abarcar todas as demais:

*prestación remunerada ou non remunerada de apoio na cal interveñen actividades que implican un traballo e estados afectivos. Préstanos principal, aínda que non exclusivamente, mulleres, tanto a persoas adultas sas como a persoas dependentes e aos nenos e nenas, na esfera pública ou na esfera doméstica, e nunha diversidade de marcos institucionais (Íbid p. 169).*

Porén, só contempla esta unificación como punto de partida común para as investigacións sobre a cuestión, pois opina que os cuidados son máis unha categoría empírica ca unha categoría teórica en si mesma. Como tal, deben apoiarse en outras categorías teóricas máis amplas (Íbid. p. 174).

Dende un marco máis próximo á ética —que será ampliado no seguinte punto— Tronto e Fisher (1990) elaboran unha tamén ampla definición dos cuidados que terá moita relevancia:

*unha actividade propia do ser humano na que se inclúe todo o que facemos para manter, continuar ou reparar o noso mundo de tal maneira que poidamos vivir nel da mellor maneira posible* (Tronto e Fisher, 1990 p. 40).

Deste xeito quedan abarcados os cuidados independentemente do eido no que se desenvolvan, de quen os leve a cabo ou de quen se beneficie deles.

Posteriormente, Tronto (1993) propón que dentro do cuidado se identifican catro fases analíticas:

- *Caring about*. A preocupación inicial pola cobertura dunha necesidade.
- *Take care of*. A disposición dos medios e asunción da responsabilidade para cubrir a necesidade.
- *Care giving*. A acción efectiva, o traballo para cubrir esa necesidade.
- *Care receiving*. A resposta que produce o cuidado dado.

En síntese, os cuidados son unha realidade moi complexa e, como tal, resulta complicada de conceptualizar. Vese claro que a súa definición debe ser ampla para resultar de utilidade e dar conta da realidade, mais dita amplitude pode traducirse en problemáticas á hora de utilizalos e estudalos.

### **2.2.2 Unha ética dos cuidados?**

Claude Martin fai unha clasificación das discusións arredor dos cuidados na que as divide en tres niveis: o primeiro nivel, centrado nas cuestións de carácter filosófico e moral; un segundo nivel máis focalizado nas relacións sociais e nas prácticas, o cal se move nun plano sociolóxico; e, finalmente, o nivel no que se moven as reflexións sobre as políticas públicas, sobre o *social care* (Martin, 2008 p. 29).

Ese primeiro nivel é o primeiro chanzo sobre o que se sustentan os demais. Como tal, cómpre situalo para enmarcar a perspectiva dos cuidados.

O salto dos cuidados á palestra ten lugar no campo psicoloxía moral. É nos primeiros anos 80 cando se publica *In a different voice* de Carol Gilligan (1982) e comeza a

discusión. Nesta obra a autora fala da existencia dunha orientación moral particular vinculada ás mulleres que ten como punto central a responsabilidade de cara ás outras persoas, focalizándose en percibir e responder ás responsabilidades que nacen das nosas relacións cos demais (Garrau e Le Goff, 2012).

A proposta de Gilligan recibe múltiples críticas por implicar a asociación naturalizada das mulleres aos cuidados, así como unha visión idealizada dos mesmos. Os cuidados non son só nichos de amor e preocupación allea, senón que tamén implican relacións de poder, coaccións ou chantaxes (Pérez Orozco, 2014 p. 115). Para que poidan ser repartidos de maneira xusta e ben comprendidos non se poden obviar esas dimensións.

Unha visión dentro do campo da ética que supón a superación dese esencialismo proporciónaa Joan Tronto. Ademais da definición de cuidados xa comentada, esta autora realizou unha proposta de ética dos cuidados de grande interese. Dita proposta ten unha marcada e explícita dimensión política (Tronto, 1993). Dende a súa visión os cuidados son unha fonte de crítica á organización social e ao traballo (Íbid.). Esta postura supón dalgunha maneira *socioloxizar* os cuidados (Martín Palomo, 2014 p. 201). Deste xeito compréndese que os cuidados articulan a sociedade e que, como tal, son un obxecto de estudo propicio para a socioloxía e unha fonte de crítica da organización social.

### **2.2.3 Aproximacións empíricas**

Paralelamente ás discusións de corte filosófico, os cuidados protagonizaban tamén diversas investigacións. Nos primeiros estudos de carácter empírico había un esforzo por relacionar o traballo de cuidados co tempo, pois este era un xeito de facer visible en datos a realidade dos cuidados.

Os primeiros exemplos da investigación en socioloxía veñen da Italia dos anos 80. Neste contexto unha serie de sociólogas vencelladas ao estudo das familias continuaron a senda de diferentes politólogas nórdicas que cuestionaban a estrutura sexuada dos estados de benestar. Interesáronse por poñer de manifesto o traballo invisible realizado polas mulleres —denominado *lavoro di cura*— e, para logralo, optaron por medir subxectivamente o tempo que as mulleres dedicaban a estas actividades (Carrasco et al., 2011).

De xeito paralelo ás investigacións das sociólogas italianas da familia, en Francia formouse un grupo de estudos sobre a división social e sexual do traballo, o GEDISST. No marco deste grupo utilizouse tamén o tempo para dar conta da realidade. Centráronse no vínculo relacional que o traballo de cuidados implicaba e tamén nas

diferencias existentes entre as mulleres, así como nas desigualdades que estas diferencias implicaban (íbid. p. 34).

Non obstante, co tempo, a necesidade de comprensión dos cuidados fíxose máis ampla. A medición do tempo servía para traer á palestra o traballo, mais non para exploralo en profundidade. Consecuentemente, os cuidados convertéronse en obxecto de investigación dende campos e metodoloxías máis diversos.

Semella claro que nos últimos anos continúan a proliferar as investigacións empíricas arredor dos cuidados. Este interese responde aos fortes cambios nas familias e nas sociedades occidentais, que rachan co xeito tradicional de organizar os cuidados e producen novos interrogantes e novas necesidades de resposta. Este contexto será explorado polo miúdo no seguinte apartado.

### **2.3 A crise dos cuidados no contexto rural galego**

Nos últimos anos tiveron lugar fortes cambios nos modos de vida e na organización social. O modelo tradicional de familia, baseado no varón gañador de pan e a muller ama de casa, comezou a rachar e, con el, o xeito de garantir os cuidados existente ata o momento. Esta situación, unida ao envellecemento da poboación e aos cambios nas unidades de convivencia leva ao que se denomina como crise dos cuidados (Pérez Orozco, 2006). Dita crise prodúcese porque o traballo de cuidados se incrementa mentres que os mecanismos vixentes ata o de agora para levalo a cabo murchan sen que xurdan novas opcións.


Neste apartado dáse conta dos aspectos máis destacables destes cambios no contexto do rural galego, especialmente xenuíno debido á súa serodia industrialización (García Docampo, 2003).

#### **2.3.1 O envellecemento dunha Galicia rural**

O envellecemento demográfico pode definirse como o incremento da idade media dunha poboación (Pérez Díaz, 1998). Este fenómeno, xeneralizado en termos planetarios, non é alleo a Galicia. Dende o ano 1998 a idade media incrementouse en 4'5 anos. Atendendo ao ritmo de crecemento semella claro que a tendencia continuará nos vindeiros anos.



**Gráfica 1. Evolución da idade media da poboación galega (1998-2005)**



*Fonte: Padrón Continuo de Habitantes, INE (1998-2015). Elaboración propia.*

No mesmo período a porcentaxe de maiores de 65 sobre a poboación total pasou de ser dun 19'3% a un 24%, producíndose incremento da cifra en todos os anos, sen excepción.

O envellecemento está estreitamente conectado co aumento da esperanza de vida e o control da natalidade. Non obstante, nas zonas rurais tende ter unha forza capital un terceiro factor: a emigración (Pérez Díaz, 2005).

Julio Pérez Díaz propón establecer unha separación conceptual entre o envellecemento “natural” e o envellecemento “migratorio”, pois trátase de fenómenos con xéneses distintas (Íbid. p. 4). Esta distinción é sumamente pertinente para o contexto obxecto de estudo, pois Galicia ten unha historia recente predominantemente rural.

Posto en comparativa co total estatal, Galicia presenta cifras de envellecemento máis intensas. Acontece o mesmo coas provincias máis ruralizadas con respecto á comunidade: Lugo e Ourense, onde tanto a idade media como a porcentaxe de maiores son máis elevadas que o total galego.

**Táboa I. Comparativa envellecemento 2015. España, Galicia e provincias.**

	ESPAÑA	GALICIA	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
<b>% MAIORES DE 65</b>	18,39	24,01	23,35	28,58	30,34	21,01
<b>% MAIORES DE 85</b>	2,79	3,97	3,58	5,77	5,80	3,16
<b>IDADE MEDIA</b>	41,93	45,59	45,31	48,45	49,00	43,75

*Fonte: Padrón Continuo de Habitantes, INE (2015). Elaboración propia.*

En síntese, os datos da táboa I deixan ver que as zonas máis rurais mostran un envellecemento máis pronunciado, apoiando a tese dunha dinámica específica de envellecemento do rural.

O envellecemento vinculado á emigración, cuxa consecuencia extrema é o despoboamento, ten como consecuencia un desequilibrio moi intenso entre os grupos de idade. Acontece así porque as persoas que marchan adoitan facelo por razóns de corte laboral, polo que principalmente se atopan nas idades activas. Isto, ademais de provocar un descenso na proporción de persoas desa franxa, implica tamén unha redución das cohortes de xoves.


Consecuentemente, a denominada crise dos coidados toma unha especial relevancia nos lugares onde se produce este fenómeno. A poboación anciá, a cal adoita ter maior necesidade de coidados, adquire un peso proporcional enorme que resulta complicado de xestionar polas xeracións de descendentes. As redes familiares atópanse dispersas, véndose así estreitadas as opcións de coidado e recaendo maior responsabilidade nas persoas que si están na contorna xeográfica.

### **2.3.2 A incorporación das mulleres ao traballo remunerado e os cambios nas redes familiares**

Ademais dos cambios na composición da poboación teñen tamén a súa relevancia os cambios na división sexual do traballo e nas redes familiares. Tal e como se mostra na Gráfica 2, nos últimos 13 anos a taxa de actividade das mulleres galegas leva un ritmo predominantemente ascendente. O incremento con respecto ao principio do período rolda o 8%.

A tendencia revela que cada vez máis mulleres participan no mercado laboral. Isto choca contra o xa mencionado modelo tradicional de organización dos coidados, baseado no coidado informal levado a cabo polas mulleres.

**Gráfica 2. Evolución da taxa de actividade feminina en Galicia (2002-2015)**



**Fonte:** Encuesta de Población Activa, INE (2002-2015). Elaboración propia.

Esta situación deriva a miúdo nunha fórmula “híbrida” na que as mulleres toman o que se denomina como dobre presenza (Balbo, [1978] 1994), onde as mulleres manteñen a realización do traballo de coidados dos seus fogares combinándoas con traballo remunerados de media xornada.

Á marxe desta cuestión, as familias tamén mudaron en canto á súa composición. Mudaron o tamaño, as expectativas e as relacións interxeracionais.

No caso do rural estas cuestións son especialmente intensas e particulares. No rural galego a salarización sempre foi moi reducida, pois a ocupación céntrase nos empresarios sen asalariados e nas axudas familiares (García Docampo, 2003 p. 217). Predominan explotacións agrogandeiras de carácter familiar nas que os distintos membros traballan en conxunto, aínda que con diferentes especializacións.

As xeracións de descendentes toman outros camiños formativos e laborais que dificilmente se poden desenvolver dende o rural, polo que emigran a outros lugares (Íbid.). Como consecuencia, no presente rural galego as redes familiares están xeograficamente dispersas.

A xeracións de maiores son as que fican no lugar, e canto máis novos son os descendentes menos presentes están. Aínda que isto non signifique que o apoio interxeracional non exista (Bazo, 2012), si cambia as relacións no seo das familias, onde existe unha distancia razoable entre o modo de vida de pais e fillos.

Outra consecuencia destes cambios é a masculinización das poboacións rurais. As causas deste fenómeno non foron extensamente estudadas. Camarero e Sampredo (2008) apuntan ás oportunidades laborais e ao acceso á mobilidade espacial. Estes autores exploran a relación da masculinización rural cun nivel de estudos diferencial por

xénero. Aínda que as mulleres adoitan ter un nivel de estudos máis elevado e este é un factor de risco de cara á emigración ao urbano, este fenómeno non serve por si mesmo para explicar a masculinización rural (Íbid. p. 78). É na diferenza por xénero do comportamento migratorio nos niveis máis baixos de estudos onde semella residir o maior distanciamento. Nestes casos os homes tenden a optar polo *commuting*, mentres que as mulleres directamente cambian o lugar de residencia (Íbid. p. 100).

Detrás das motivacións para este comportamento diferencial pode estar o menor recoñecemento do traballo no rural —“axuda doméstica”— e a incompatibilidade do traballo de coidados cun traballo remunerado a varios quilómetros de distancia. En calquera caso, a consecuencia é que en moitas zonas do rural o ratio de masculinidade nas idades activas é elevado, co que se produce unha realidade na que hai menos mulleres “dispoñibles” para ser coidadoras. Isto colabora coa rotura das estruturas tradicionais de coidados.

#### **2.4 Relacións interxeracionais, herdanza e coidados**

Para rematar de completar este marco faise necesaria unha achega teórica ás relacións interxeracionais e á herdanza, pois a organización dos coidados a maiores está en certa maneira conectado con estas cuestións.

As relacións interxeracionais poden definirse como as relacións entre xeracións que se dan tanto no marco das familias como nunha estrutura social máis ampla (Izuhara, 2010).

O reparto dos recursos é diferencial por idade, polo que as xeracións realizan intercambios unhas coas outras. Por exemplo, é habitual que nas idades intermedias se acumule máis riqueza e que esta sexa dirixida cara ás xeracións de fillos (Íbid.).

Existe, ademais, unha reciprocidade xeracional. A reciprocidade supón un intercambio igual ou comparable (Íbid. p. 6). Consecuentemente, é probable que eses fillos receptores no futuro colaboren no coidado dos seus proxenitores cando estes non teñan todos os recursos para ser autónomos.

Porén, as relacións interxeracionais non son homoxéneas. Dentro de cada sociedade as pautas presentan particularidades, e tampouco son estáticas no tempo (Íbid.). De feito, pódese dicir que na actualidade están nun proceso de cambio no que inflúen diferentes factores como as políticas sociais, as novas tecnoloxías ou os cambios nas redes familiares.

Unha importante canle da solidariedade interxeracional é a herdanza, o legado dos bens materiais que xeralmente se produce dunha xeración á seguinte. Entre a herdanza e os coidados intúese unha relación, pois poden verse como dúas moedas a intercambiar. A continuación descríbense dous estudos moi diferentes que analizan este vínculo de cara á súa mellor comprensión.

Nun estudo realizado na comarca Les Garrigues, situada na provincia de Lleida, Susana Narotzky identifica o coidado dos maiores coma unha estratexia que permite o acceso aos medios de produción dos predecesores (Narotzky, 1991 p. 471). Fala da existencia dunha fonda “ideoloxía do coidado” —impulsada mesmo polos notarios— que favorece que a persoa que coida dos familiares na vellez sexa recompensada mediante a herdanza. Esta circunstancia fai máis flexibles as posibilidades de herdanza e a reprodución social, pero tamén disfraza con valores emotivo-afectivos intercambios de carácter material (Íbid.).

Este modelo está circunscrito a un contexto moi concreto e xenuíno, polo que non é necesariamente extrapolable. Porén, mostra que os coidados teñen unha dimensión estratéxica tanto para quen ten expectativas de precisalos como para as persoas potencialmente coidadoras.

Máis próximo no tempo resulta o traballo de Misa Izuhara (2008), o cal se achega á relación entre coidados, vivenda e herdanza dende unha perspectiva comparada botando man de dúas sociedades: a británica e a xaponesa.

A sociedade británica mantén un forte individualismo no que se lle dá moita importancia á propiedade da vivenda e na que se contempla principalmente que a herdanza debe repartirse simetricamente. Esta recóllese polo xeral baixo testamento regrado (Íbid.).

No Xapón existe unha maior diversidade, unha tensión entre a tradición e os novos valores. A importancia da propiedade da vivenda non xera consenso e, de feito, as casas herdadas chegan a ser consideradas cargas. Hai unha maior aceptación do reparto asimétrico e estratéxico da herdanza, e mesmo existe a idea de que o reparto igualitario é inxusto. Tamén unha postura favorable á ausencia de testamento formal, deixando a cuestión ás normas non escritas (Íbid.).

Con respecto á relación entre as motivacións de herdanza e o coidado na vellez, o estudo concluíu que é feble. Polo xeral non se puido establecer un vínculo entre os dous elementos en ningunha das dúas sociedade estudadas. A autora vencella esta circunstancia ao contexto de políticas públicas, pois favorece a independencias dos maiores, mesmo nos casos de co-residencia (Íbid. p. 130).

A ollada a estas dúas obras permite observar dúas realidades. Nunha delas os coidados e a herdanza están vinculados; na outra, xa non existe relación. A primeira dáse nun contexto rural moi concreto de finais do século XX; a segunda no seo de dous estados desenvolvidos, aparentemente moi afastados no plano cultural, mais con prestacións sociais semellantes en certa maneira. Sexan ou non relevantes neste salto as características mencionadas, queda claro que hai interrogantes ao respecto das relación herdanza-coidados que merecen exploración.

### **3. OBXECTO, OBXECTIVOS E HIPÓTESES**

#### **3.1 Delimitación do obxecto de estudo**

O obxecto de estudo desta investigación é a organización dos coidados a maiores dependentes no anonimizado concello de O Val.

Contémplase que os maiores dependentes son aquelas persoas por riba dos 65 anos que precisan axuda para realizar algunha actividade básica da súa vida cotiá como mínimo unha vez ao día. Delimitáronse os coidados como a realización de todas aquelas actividades de asistencia que estas persoas necesitan; entendendo por organización a maneira na que ditas necesidades se xestionan e se dividen entre diferentes persoas e/ou institucións.

#### **3.2 Exposición dos obxectivos**

O obxectivo xeral é analizar as estratexias e discursos dos familiares de maiores dependentes con respecto ao coidado dos mesmos, poñéndoo en relación coas estratexias familiares de herdanza, coa composición das unidades familiares e co perfil sociodemográfico da persoa coidadora —e entrevistada—. Isto é, búscase dar conta da organización dos coidados vendo tanto a maneira de levalos a cabo como as ideas declaradas ao respecto. A maiores, explórase a relación que a elección das estratexias de coidado garda coas estratexias de herdanza e coa composición das unidades familiares; así como o vínculo entre o discurso e o perfil sociodemográfico da persoa coidadora entrevistada.

Tal e como sinala Cea D’Ancona (2012), un obxectivo xeral pode dividirse en obxectivos específicos. O cumprimento destes na súa totalidade supón acadar o obxectivo xeral (Íbid.). Así pois, o obxectivo xeral debullouse en catro obxectivos específicos, os cales se recollen en orde de maior a menor relevancia:

- Ver as estratexias e discursos dos familiares de maiores dependentes con respecto ao coidado dos mesmos.
- Explorar a relación entre as formas de repartición da herdanza e as estratexias de coidado adoptada polas familias.
- Observar as diferenzas no discurso relativo ao coidado de maiores dependentes en función do perfil sociodemográfico da persoa coidadora.

- Examinar de xeito exploratorio a influencia da composición por xénero da unidade familiar nas decisións relativas ao coidado de maiores dependentes.

### 3.3 Formulación e argumentación das hipóteses

- O sistema de herdanza baseado na mellora propicia o coidado na casa.

O comentado artigo de Susana Narotzky (1991) mostra unha forte asociación entre coidados e herdanza. A mellora do *hereu* tradicionalmente estaba asociada co coidado dos proxenitores na vellez. É factible que ese contrato estea vixente nas zonas rurais galegas onde predomina o morgado, facendo que a persoa herdeira mellorada sexa a encargada do mantemento da casa familiar o coidado dos pais anciáns. Esa tendencia á mellora, moi arraigada, pode estar detrás do forte presenza do coidado na casa do rural.

- A masculinización da poboación non se traduce na presenza do coidado familiar levado a cabo por homes.

Como xa se deixou claro, o rural en xeral (Camarero, 2008) e o concello obxecto de estudo en particular presentan unha forte masculinización a certas idades. Desta diferenza entre xéneros cabería pensar que o papel de coidador remate sendo asumido con frecuencia por homes. Porén, como ben se expuxo no marco teórico, o traballo de coidados presenta unha forte división por xénero. A pregunta que xurde é se a masculinización será factor suficiente para superar asociación dos coidados ás mulleres. A resposta esperada é que non, que a masculinización non abonda para rachar con esa cuestión.

- O discurso relativo ás formas de coidado é homoxéneo e non presenta grandes variacións en función do xénero e a idade.

As variables idade e xénero son moi importantes na vida social e son discriminantes en moitos comportamentos das persoas. Porén, para este caso cabe pensar que hai outras variables máis fortes que anulan o efecto destas. O rural ten unha idiosincrasia propia que pode estar por riba da idade e do xénero, de xeito que o discurso podería ser compartido tanto entre xéneros como entre xeracións.



## **4. DESEÑO METODOLÓXICO**

A investigación, de carácter cualitativo, levouse a cabo mediante entrevistas semi-estruturadas a persoas expertas e a familiares de persoas dependentes. Neste apartado recóllense as reflexións que motivaron o uso desta ferramenta e os detalles do desenvolvemento da investigación.

### **4.1 Xustificación da metodoloxía escollida**

A metodoloxía utilizada para a consecución dos obxectivos propostos e para poñer a proba as hipóteses formuladas é de tipo cualitativo.

O primeiro argumento que motiva esta decisión vén da propia natureza do obxecto de estudo. Os cuidados son unha realidade complicada de cuantificar e sistematizar e, como tal, teñen un difícil encaixe nas técnicas cuantitativas.

Porén, si é certo que existe unha ferramenta cuantitativa que ten un crecente protagonismo no estudo e visibilización dos cuidados: as enquisas de emprego do tempo. Non obstante, a súa metodoloxía está en discusión (Mail e Rogero, 2012) e non abarcaría os aspectos contemplados polos obxectivos desta investigación.

O propio obxectivo xeral ten unha orientación eminentemente cualitativa. Unha das aspiracións é analizar discursos, algo para o que unha metodoloxía cuantitativa non sería axeitada. Ademais, recoller de xeito cuantitativo as estratexias de herdanza e de cuidado é unha tarefa moi complicada. Pode resultar que a natureza desas estratexias as faga sistematizables e aptas para o tratamento estatístico, mais para lograr esa sistematización sería preciso ter un coñecemento previo da realidade moi amplo e profundo do que non se parte.

Dentro do abano de técnicas metodolóxicas que ofrece a investigación cualitativa, optouse por utilizar a entrevista en profundidade como instrumento. Os obxectivos demandan a utilización dunha técnica conversacional —segundo a clasificación de Miguel Valles (1997)—, pois nin a observación participación nin a lectura de documentos permiten chegar ao coñecemento buscado. É necesaria a interacción directa e controlada cos casos de interese para obter a información buscada.

A elección concreta da entrevista en profundidade fronte ás entrevistas biográficas e as entrevistas grupais débese a que é a técnica que máis se presta de cara á obtención do coñecemento desexado. Búscase obter información moi concreta de individuos particulares. A concreción da temática fai que a entrevista en profundidade sexa máis

axeitada que a biográfica, mentres que a necesidade de obter información sobre casos particulares e non de colectivos reduce a utilidade das entrevistas en grupo.

Segundo o grao de estruturación, considerouse que o máis axeitado era desenvolver entrevistas semi-estruturadas. Pártese dun guión onde se inclúen todas as cuestións que se desexa recoller en forma de preguntas clave xa formuladas. Porén, a formulación das preguntas e a orde das mesmas pode variar dependendo do caso e contéplase a introdución de novas preguntas se fosen necesarias ou de interese.

A mencionada técnica aplicouse aos dous tipos de entrevista contemplados: entrevista a persoas expertas e a familiares. Porén, non se perde de vista a enorme diferenza existen entre ambas. As entrevistas a expertos aspiran a recoller datos e o coñecemento acumulado de diferentes perfís sobre cuestións concretas, polo que non se precisa afondar na xeración dun discurso. Consecuentemente poden cingirse máis ao guión e son menos sensibles ao contexto.

No caso das entrevistas a familiares é preciso xerar discurso e conseguir que as persoas entrevistadas falen con comodidade, polo que se contemplou unha maior flexibilidade de cara a axudar a que o relato sexa fluído e rico.

#### **4.2 Contexto xeográfico. Descrición e argumentación**

A modo de estudo de caso local, tomouse o concello do Val como contexto xeográfico da investigación.


A decisión de restrinxir o campo a un só municipio vén da dificultade para realizar unha investigación o suficientemente ampla como para recoller a realidade rural galega en global. A solución contemplada foi a realización dun estudo de caso centrado nunha área xeográfica determinada que resultara de interese. Esta elección facilita abarcar máis casos e unha maior focalización nas variables clave de cara aos obxectivos, pois non teñen que entrar na análise as variables de tipo xeográfico.

Na elección concreta deste municipio influíron fundamentalmente dous factores. Por un lado interveu o coñecemento da investigadora da área, o cal se deriva dunha relación indirecta coa mesma —a través de familiares, concretamente—. Este coñecemento facilita o proceso de investigación e favorece que o deseño sexa máis atinado.

Por outra banda está o factor máis importante: o perfil arquetípico de envellecemento rural que presenta o concello dentro de Galicia. Esta característica convérteo nunha mostra relevante e fai que sexa moi doado localizar os casos de interese.

O concello do Val é un claro caso do envellecemento migratorio propio do rural que se desenvolve no marco teórico. A Gráfica 3 dá conta da pirámide de poboación no ano 2015, onde existe un alto volume de maiores e as xeracións de xoves están pouco menos ca ausentes.


**Gráfica 3. Pirámide de poboación do Val (2015)**



**Fonte:** Padrón Continuo de Habitantes, INE. Elaboración propia.

A poboación maior de 65 supón un 45'41% da poboación total, e a maior de 85 un 13'22%. Tal e como se ve na Gráfica 4, o peso porcentual dos maiores de 85 duplicouse nos últimos 13 anos, nos que se produciu un intenso crecemento proporcional deste grupo de idade.

**Gráfica 4. Evolución da porcentaxe de maiores de 85 anos no Val (2002-2015)**



**Fonte:** Padrón Continuo de Habitantes, INE. Elaboración propia.

A masculinización de certas idades non é un fenómeno alleo ao concello. Tal e como pode observarse na Táboa II, esta característica está presente en varios grupos quinquenais do municipio.

**Táboa II. Ratio de masculinidade O Val, 2015**

<b>IDADE</b>	<b>RATIO DE MASCULINIDADE</b>
<b>45-49</b>	1,12
<b>50-54</b>	1,43
<b>55-59</b>	1,22
<b>60-64</b>	1,78
<b>65-69</b>	1,00
<b>70-74</b>	1,15

*Fonte: Padrón Continuo de Habitantes, INE. Elaboración propia.*

Á vista dos datos pode observarse que o concello do Val presenta, de xeito especialmente pronunciado, as características relevantes do rural nomeadas no marco teórico. En síntese, trátase dunha interesante mostra desa realidade que ademais presenta facilidades de cara ao desenvolvemento do traballo de campo.

#### **4.3 Perfil das persoas entrevistadas**

As características que comparten todos os casos familiares son dúas: seren cuidadoras directas dun familiar maior dependente residente en algún punto do concello do Val. Realizouse entrevista a todas os casos accesibles que cumprisen tal condición ata que se acadou unha certa saturación do discurso.

Nun principio planeouse chegar tamén a familiares de persoas coidadas en residencias. Porén, o número de persoas orixinarias do concello ingresados en institucións resultou ser moi baixo. Ademais, a totalidade dos casos localizados tiñan os familiares moi afastados xeograficamente de Galicia, polo que se facía imposible a entrevista en persoa dentro dos prazos do traballo.

Tamén nun primeiro momento se barallou elaborar un cadro tipolóxico previo en función das variables sociodemográficas clave, mais desbotouse porque non era posible acceder a tantos e tan variados casos.

O contacto coas persoas entrevistadas produciuse botando man dun contacto persoal que tiña un gran coñecemento da poboación do municipio. Coa súa axuda realizouse

un listado de casos de interese e buscouse a maneira de contactar con eles para levar a cabo a entrevista.

A mostra resultante deste proceso recóllese no seguinte cadro tipolóxico:

**Táboa III. Cadro tipolóxico das persoas entrevistadas.**

<b>CÓDIGO</b>	<b>NOME<sup>1</sup></b>	<b>IDADE</b>	<b>SEXO</b>	<b>RELACIÓN</b>	<b>ESTUDOS</b>	<b>OCUPACIÓN</b>
<b>E1</b>	Teófila	60	Muller	Nora	Primarios	Traballa no fogar e na explotación familiar
<b>E2</b>	Manuela	74	Muller	Cónxuxe	Primarios	Costureira xubilada, traballa no fogar
<b>E3</b>	Martiño	64	Home	Fillo	Primarios	Carteiro xubilado, traballa no fogar
<b>E4</b>	Javier	61	Home	Fillo	Medios	Desempregado, traballa no fogar
<b>E5</b>	Elisa	56	Muller	Nora	Primarios	Traballa no fogar e é titular da explotación
<b>E6</b>	Elena	50	Muller	Filla	Primarios	Traballa no fogar e é xerontóloga
<b>E7</b>	Clara	32	Muller	Neta política	Primarios	Traballa no fogar e na explotación familiar
<b>E8</b>	Claudia	21	Muller	Neta	Medios	Traballa no fogar e estuda un FP
<b>E9</b>	María	76	Muller	Cuñada	Primarios	Xubilada, traballa no fogar
<b>E10</b>	Jorge	44	Home	Fillo	Primarios	Traballa no fogar e na súa explotación gandeira

*Elaboración propia.*

Aparte destas entrevistas e de cara a comprender mellor a realidade que se aspira a estudar, decidiuse entrevistar tamén a tres persoas expertas: a asistente social do concello, o notario da comarca e a directora da residencia de anciáns do municipio.

A asistente social entrevistouse de xeito exploratorio para coñecer mellor dende o primeiro momento o terreo a pisar. Ademais aportou información e datos relevantes que complementan os discursos das familiares.

<sup>1</sup> Todos os nomes están anonimizados.

O notario foi entrevistado en relación ao obxectivo e hipótese conectados coas herdanzas, co gallo de intentar comprender mellor esta realidade na zona e o seu vínculo cos coidados. A maiores aportou o seu propio discurso con respecto dos sistemas de herdanza.

A directora da residencia de anciáns entrevistouse para facer fronte á mencionada ausencia dos familiares de persoas dependentes que son coidadas nesta institución. Nun primeiro momento intentouse contar con familiares que optasen por este modelo de coidado tamén, mais non foi posible. O motivo é que estas persoas adoitan a estar emigradas lonxe do municipio, de xeito que non eran accesibles no traballo de campo. A entrevista aspira a comprender mellor o perfil familiar das persoas do concello que se atopan na residencia.

#### **4.4 Guión das entrevistas**

As entrevistas semi-estruturadas a familiares foron deseñadas en función dos obxectivos. Nos anexos pode verse o cadro que resume o proceso de extracción dos temas e subtemas da entrevista que as preguntas aspiran a recoller. O resultado foi un guión no que se recollen os bloques clave coas preguntas xa formuladas de cara a obter a información desexada. Porén, como xa se comentou, a orde e a formulación das preguntas variou en función de cada entrevista, omitíndose ou engadindo novas cuestións atendendo ao desenvolvemento concreto de cada entrevista de cara a lograr que o relato flúa e sexa rico.

As preguntas aparecen amplamente desenvolvidas, mais só coa fin de poder recorrer a elas en caso de necesidade. Consecuentemente, a formulación foi diferente segundo o contexto vivido con cada caso.

No referido ás entrevistas a expertos, cada unha tivo a súa bagaxe particular. O guión da entrevista á asistente social realizouse con fins exploratorios, polo que as preguntas eran para ter información xeral arredor do coidado no concello, especialmente a través das medidas de axuda que se xestionan dende o mesmo.

O guión da entrevista ao notario responde ao obxectivo e a hipótese relativos ás herdanzas, formulándose as preguntas de interese que permitían ampliar a información de carácter máis técnico.

Finalmente, a entrevista á directora da residencia foi deseñada procurando obter un debuxo do perfil das familias dos anciáns dependentes residentes e das súas dinámicas.

#### **4.5 Desenvolvemento do traballo de campo**

O traballo de campo desenvolveuse ao longo dos meses de abril e maio de 2016. As entrevistas a familiares tiveron lugar nos fogares de residencia das persoas entrevistadas. Esta decisión veu motivada polas dificultades para ausentarse das súas casas que a miúdo tiñan os casos debido á súa condición de coidadores. Ademais, esta práctica ten tamén unha vantaxe metodolóxica: supón sumar á entrevista unha observación do contexto da persoa entrevistada que pode resultar de gran utilidade (Valles Martínez, 2002); así como facilita que a persoa se sinta cómoda e nun ambiente familiar.

Esas vantaxes manifestáronse no desenvolvemento do traballo de campo, conseguindo maior número de entrevistas, gañando información grazas á observación e facilitando a comodidade das persoas entrevistadas. Porén, a decisión non estivo exenta de contras: supuxo interrupcións en gran parte das entrevistas —habitualmente por parte das propias persoas dependentes— e implicou un enorme custo tanto económico como temporal en transporte.

As entrevistas tiveron unha duración media de aproximadamente 45 minutos. En xeral, o guión funcionou ben e serviu para obter a información desexada e conseguir unha conversa fluída. En todos os casos houbo tanto un momento de conversa previa como un momento de conversa posterior ao apagado da gravadora, ambos moi valiosos para debuxar mellor a situación e obter información extra.

## 5. ANÁLISE DOS RESULTADOS

A análise de resultados estruturouse a partir de catro eixos que derivan dos obxectivos específicos: estratexias de coidados, discursos, unidade familiar e herdanza. Ademais, optouse por comezar cun breve resumo dos casos que facilite a lectura do resto de puntos.

### 5.1 Os casos entrevistados:

Este apartado recolle unha síntese da situación de cada unha das persoas entrevistadas<sup>2</sup>. A maiores desta información, no deseño pode consultarse o cadro tipolóxico cos datos básicos e nos anexos figura unha ficha detallada de cada caso, ademais dun cadro-resumo dos resultados para cada un.

**Téofila** é a coidadora principal da súa sogra. Vive ademais co seu fillo, os seus netos pequenos e o seu marido. A única axuda coa que conta é a de unha das súas cuñadas, a cal vén un día á semana para botarlle unha man e está dispoñible para darlle o relevo se o precisa en algún momento puntual.

**Manuela** é a coidadora principal do seu marido. Ambos viven sos na súa casa de toda a vida. Teñen un único fillo que traballa e vive fóra, polo que o contacto con el é moi esporádico. Durante 6 horas á semana conta coa traballadora de axuda no fogar, que é o seu único apoio no coidado.

**Martiño** era un dos coidadores principais de súa nai —falecida logo de concertar a entrevista pero antes da súa realización—. Ambos vivían no fogar familiar xunto cos seus cónxuxes e un dos fillos. Toda a familia colaboraba na medida do posible, sendo a súa muller a axuda máis destacada. A maiores, contaban cunha persoa contratada a xornada completa e co apoio da irmá de Martiño as fins de semana.

**Javier** coida de seu pai na casa familiar, na actualidade sen máis axuda que a de seu irmán, o cal vén un día á semana. Durante unha fase na que o coidado se complicou, contratou unha profesional durante dúas horas cada día. Porén, ao mellorar tras un cambio no tratamento, decidiu prescindir dela canto menos mentres a situación se manteña.

---

<sup>2</sup> Os termos de parentesco están expresados sempre en relación á persoa entrevistada.



**Elisa** é coidadora principal de súa sogra. Vive con ela e co seu marido na casa familiar, a cal frecuentan case a diario súa cuñada, os seus fillos e o seu xenro. Todas estas persoas, especialmente a cuñada, colaboran no coidado en maior ou menor medida.

**Elena** participa do coidado de seus pais a partes iguais coas súas catro irmás. Todas elas abandonaron o fogar familiar, aínda que viven a menos de media hora del. Os pais seguen no domicilio, coidados durante o día por dúas persoas contratadas. Durante a noite vai cada día unha filla, seguindo un estrito reparto co que levan anos funcionando. Ademais, cada domingo unha delas pasa o día completo.

**Clara** é a coidadora principal do seu avó político. Vive ademais co seu marido, a súa sogra e os seus dous fillos nenos. Conta coa colaboración da súa sogra e, de cando en vez, do marido. O dependente ten outros familiares, mais non ten relación con eles, polo que non participan.

**Claudia** é unha das coidadoras principais de súa avoa. Na casa familiar vive ademais súa nai, seu pai, seu irmán e seu avó. Ela e a nai encárganse do coidado, con colaboracións puntuais dos membros varóns. A maiores, contan durante varias horas coa axuda da traballadora de Axuda no Fogar. A muller dependente ten outros familiares que non colaboran no coidado de xeito algún.

**María** cuida do seu cuñado. Vive con el e co seu marido, o cal asume o coidado cando ela se ve na obriga de ausentarse da casa unhas horas. Conta tamén coa axuda esporádica dos seus fillos, principalmente nas fins de semana.

**Jorge** é o coidador principal de seu pai. Vive con el e con súa nai. Fillo único e solteiro, é case coidado exclusivo. Súa nai axúdalle na medida do posible, mais por mor da súa idade non é posible unha colaboración moi profunda. En casos de emerxencia bota man de veciños e familiares afastados.

## **5.2 As estratexias**

Na totalidade de casos observados a persoa maior dependente era coidada na casa. Non obstante, dentro desta aparente homoxeneidade aparece unha interesante diversidade de estratexias.

A casa, como se verá no seguinte apartado, ten un papel fundamental nos discursos arredor do coidado. A importancia que se lle outorga ao feito de deixar á persoa no seu fogar é tal que mesmo en aqueles casos onde xa non queda ninguén con capacidade para coidar se opta por estratexias que permitan evitar o cambio de domicilio:

*Pois temos unha señora oito horas de dez da mañá a seis da tarde. E despois temos outra de sete e media a nove e media. E despois somos cinco fillas e cada noite vai unha filla, vámonos rotando. E cada domingo, unha filla tamén, para que descanse a señora que vai as oito horas. (Elena)*

Así pois, as estratexias xiran arredor dunha prioridade: manter á persoa na súa casa. Segundo as posibilidades e necesidades de cada caso, xógase con diferentes cartas para facer posible o coidado no fogar.

### **5.2.1 A non-toma da decisión**

As estratexias de coidado escollidas non se reflexionan nin premeditan de xeito consciente. A decisión de como se vai coidar a esa persoa, entre quen e baixo que condicións aparentemente non se toma:

*Non, fomos mirando. (Elisa) Nunca falamos. (Teófila)*

*É que nunca dixemos “pois vámonos quedar con ela na casa, non a imos levar a unha residencia”. Non nos saíu levala a outro sitio. (Claudia)*

O que sucede é que, no momento no que unha persoa maior comeza a precisar coidados, asúmese que estes serán levados a cabo pola persoa que realiza o resto de actividades de coidado do fogar en cuestión, case sempre mulleres:

*Foime quedando para min porque como son a que máis estou na casa porque teño os pequenos... (Clara)*

*Pero como eu estaba na casa, pois bueno, funa atendendo sempre. (Elisa)*

Porén, o volume de traballo que implica ter unha persoa maior dependente na casa con frecuencia non é asimilable por quen ostenta o rol de coidadora xeral. É aí cando entran en xogo as diversas estratexias de ampliación do coidado que posibiliten o mantemento da persoa no fogar.

### **5.2.2 O reparto co resto de membros da unidade familiar**

A forma máis común de ampliación do coidado é o reparto co resto de membros da unidade familiar. Este tende a producirse cando as persoas ás que lles toca a asunción do coidado teñen dificultades para levalo a cabo e a unidade familiar é ampla. Claudia describe así o reparto que se produce na súa casa:

*Cando eu estou, pois xa o fago eu. E miña nai agora ten un problema, entón intentamos que non colla pesos porque, bueno, é unha señora bastante... tal, e entón pois meu pai axúdanos. (Claudia)*

O problema de saúde da “coidadora lóxica” neste caso propicia que a filla e o pai se impliquen nun maior grao, producíndose así un reparto máis equilibrado. Semellante era a situación de Martiño e a súa familia:

*Repartiámolo máis ou menos... segundo coincidía estar na casa. Pois ao mellor se estaba miña muller, pois eu saía e estaba miña muller coa señora esta que estaba con nós, ou estaban os fillos. Podíamos barallarnos un cos outros, pero sempre había que estar pendentes de estar alguén aquí con ela. (Martiño)*

Neste caso colaboraban fillo, nora, marido e neto da persoa dependente máis unha profesional contratada. Motivos laborais e de saúde dos familiares, sumados á grande atención que a persoa dependente precisaba, favorecían a participación de todos os habitantes da casa.

Dentro dos casos nos que se observou reparto co resto de membros da unidade familiar detectáronse dous modelos: o reparto intercambiable e a especialización. No primeiro os membros realizan as tarefas indistintamente, só en función da súa dispoñibilidade.

*Non, tanto ten. Tanto pode facer unha o baño como a outra. Tiven unha época que máis ben o bañaba eu. Agora ultimamente... algunha vez pois báñao miña sogra. Tanto ten. (Clara)*

Na especialización, pola contra, as tarefas divídense en función da súa natureza. En concreto, o que se observou foi un reparto diferencial por xénero no que os homes asumen as actividades que requiren forza e as mulleres as actividades relativas ao aseo, limpeza ou alimentación.

*Por exemplo meu irmán... el axuda a sentala, a levantala. As cousas de forza. Pero o que é limpala, duchala... [negación coa cabeza]. (Claudia)*

### **5.2.3 A axuda de fin de semana**

Outra estratexia frecuentemente atopada é a axuda de fin de semana. Esta consiste na colaboración regular no coidado prestada por un familiar que non cohabita coa persoa dependente. Observouse que isto acontece en moitos casos e que sempre se produce nas fins de semana, xeralmente por motivos laborais.

*As fins de semana vén meu irmán. (...). Vén os sábados pola mañá e está ata o domingo á tarde (...). Mentres tanto eu aproveito para desafogarme un pouco. (Javier)*

Non se trata dunha mera visita de apoio, senón que a persoa realiza ou axuda de maneira directa a realizar os coidados durante o tempo que está presente. Para quen coida habitualmente esta axuda significa un respiro regular garantido que permite levar a cabo actividades incompatibles co coidado.

A investigación non chegou a discernir un patrón concreto de familia que conte con esta estratexia. Non obstante, viuse claro que as razóns que motivan esta estratexia son máis complexas que a dispoñibilidade de familiares externos ao fogar. Claudia fala así de súa tía:

*Vén os venres. Dúas horas. Vén... e nada máis. (Claudia)*

Neste caso, igual que en outros observados, unha das familiares da persoa dependente acude ao domicilio con regularidade, mais nunca participa do coidado.

#### **5.2.4 Combinando o coidado profesional**

Contar con profesionais de coidados é outra das vías identificadas. Neste sentido hai que facer unha distinción: as profesionais contratadas e as profesionais do servizo de Axuda no Fogar<sup>3</sup>.

Non obstante, no referido ás dinámicas e discursos non hai moita diferenza no tratamento das traballadoras contratadas con respecto das do concello. En ambos casos se observou que as profesionais son, en certo sentido, asimiladas á familia. Son entendidas coma un apoio máis no coidado, polo que é frecuente que as súas tarefas se dilúan coas do resto de persoas coidadoras da unidade familiar.

Ademais de ser unha estratexia observada, é tamén a opción que maior número de casos expresaron como alternativa contemplada ante un posible empeoramento da situación:

*Eu se empeorara e vira que non dou feito, pois case metería alguén unhas horas (Clara).*

---

<sup>3</sup> O Servizo de Axuda no Fogar ofrece un conxunto de atencións a persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual. As horas asignadas e o prezo por hora varían en función de cada caso segundo diferentes indicadores.

De novo, durante a investigación non se apreciou ningún perfil concreto asociado con estas opcións.

### **5.2.5 O papel secundario das axudas públicas**

De cara ás estratexias é importante tamén fixarse nas eleccións que realizan as familias no referido ás axudas públicas.

A maioría das familias observadas non contan con ningún tipo de axuda pública, sexa por estar en lista e espera, por terles sido denegada ou porque agardan o momento de que a persoa enferma empeore. Esta última situación é a compartida polos casos nos que a enfermidade está nos primeiros compases. Polo que parece, a solicitude da axuda é unha idea que vai xurdindo co paso do tempo e pouco a pouco, non se contempla de xeito inmediato. Como tal, non ten gran protagonismo nas estratexias tomadas nin é un factor que se teña en conta dende o primeiro momento.

Comparando os dous modelos de axuda existente —axuda económica e axuda no fogar— hai bastante equilibrio entre ambas opcións. Isto observouse no campo, mais tamén se refutou mediante os datos do Sistema de Información de Usuarios de Servizos Sociais (SIUSS) proporcionados pola asistente social do concello, segundo os cales hai o mesmo número de familias co recurso de axuda no fogar que con libranza para cuidados no entorno familiar. Esta última é solicitada maioritariamente polas familias extensas.

### **5.2.6 O coidado en residencias, unha estratexia residual**

Como xa se comentou, nos albores desta investigación aspirábase a chegar tamén a familiares de persoas coidadas en institucións, entendendo ese coidado coma un tipo de estratexia concreto. Porén, resultou imposible localizar casos que cumprisen con ese perfil. Esa ausencia investigouse a través da entrevista á directora da residencia da vila. Cando se lle preguntou polo volume de residentes do concello do Val, onde se sitúa a institución, a resposta foi a seguinte:

*Son una minoría. Sobre todo hay de Sarria, Monforte y la zona de Caurel. (Ex3)*

O groso dos residentes procede dos dous concellos máis poboados e urbanos da zona e dun concello rural e especialmente envellecido. Non cómpre aquí afondar nas causas desa procedencia tan dual, mais o feito de que un concello con 1106 habitantes (INE 2015) poida ter unha presenza suficientemente destacada como para merecer mención,

descarta a posibilidade de que a proporción de anciáns do Val sexa tan baixa por mor reducido tamaño do concello.

Con respecto aos perfís das persoas do municipio residentes, a directora fala de dous:

*Tenemos los dos perfiles: tenemos el que tiene hijos y el que se ha quedado solo en casa porque sus hijos se han ido a trabajar (...). De lo que es el Val, los residentes que tenemos, la mayoría, quitando algún caso así, hijos fuera. (Ex3)*

O perfil que si ten familia preto é minoritario e, polo xeral, responde a casos de extrema dependencia que fan que non sexa posible o coidado nas familias:

*La mayoría ya cuando vienen es porque ya han esperado en el domicilio hasta el punto de que ya las familias no pueden hacerse cargo y algunos ya vienen en alguna situación ya muy lamentable. Un deterioro muy grande. (Ex3)*

Estas persoas adoitan falecer nun período curto de tempo, polo que pouco incrementan a presenza de poboación local na residencia.

Esta de dinámica de utilizar a residencia como último recurso, xa cando o coidado na casa se fai inviable, é sinalada tamén pola traballadora social do concello.

*Normalmente aquí, no rural, a residencia sempre é o último recurso. (...) Cando á xente xa non lle queda outra posibilidade, cando xa se fai imposible permanecer no domicilio, pois non queda outra e hai que ir. Pero se non... (Ex1)*

Así pois, o ingreso en residencia como estratexia de coidado é residual entre a poboación do municipio e está asociado a condicións moi concretas.

### **5.3 Os discursos arredor do coidado**

O relato das estratexias está acompañado dun discurso centrado no fogar, tendo sempre unha importancia capital o mantemento da persoa na súa vivenda:

*Unha persoa que traballa toda a vida, que está facendo pola casa toda a vida, non se pode sacar da casa cando non pode, hai que deixalo ata que deus o deixe. (Jorge)*

Os discursos atopados mostran unha grande homoxeneidade. As variables xénero e idade teñen escaso impacto sobre o discurso. Semella que o feito de vivir no concello, dentro do seu universo cultural propio, é o que define os discursos, facéndose estes menos sensibles a outras variables sociais.

### 5.3.1 A paradoxal percepción das residencias

Da mesma maneira que se valora o coidado na casa, o coidado en residencias é visto de xeito moi negativo. Esta resposta de Javier ilustra a idea transmitida pola meirande parte de casos:

*Bueno, pois mira... se non queda máis remedio... pero como na casa, nada. Por moi mal que estean na casa, coma na casa nada. Porque alí morren de pena, penso eu. Ao verse alí nun sitio estraño e sen ninguén da familia. (Javier)*

Móstrase un rexeitamento explícito polas residencias que é xeneralizado, se ben hai diversidade nos argumentos dados para xustificalo.

*Sinceramente? Depende da residencia, un matadero. Porque cantos hai que entran e non duran nin dous meses? Mogollón. Se fan unha estatística saen máis así que da outra maneira. (Claudia)*

*É un negocio... e entón non se lle pode dedicar o tempo que lle habería que dedicar, que son seres humanos. Necesitaríase moita máis xente para traballar, para facer o traballo. Entón se necesitas máis xente para facer traballo o negocio deixa de ser rentable. (Elena)*

Unha das vías de argumentación é a apelación a diferentes figuras de autoridade, como fai Jorge co xeriatra que trataba a seu pai.

*Veú o médico velo á casa (...). Veuno ver e dixo: "este.. se está nunha residencia ou nun sitio deses eu xa non o vía hoxe". E fixo un ano que veu xa. (Jorge)*

Segundo o que se observou na investigación, é frecuente que estas figuras compartan e amplifiquen o discurso das familias.

A coincidencia na imaxe negativa das residencias é moi forte, mais as xustificacións aportadas varían, e moito, en función do caso. Hai quen critica a estandarización dos coidados propia desas institucións, quen se decanta pola ausencia de cariño e ata quen critica os horarios. Outras persoas fíxanse nas dificultades para coidar a tanta xente xunta ou na incapacidade das persoas dependentes para adaptarse a novos ambientes. Cada quen aportou o seu razoamento propio e particular. Hai unha crenza común, mais non un relato argumentativo compartido.

Á vez que se presenta ese discurso de rexeitamento, aparece tamén a idea de que as residencias son moi aceptables como último recurso, para aqueles casos nos que o resto de estratexias non son posibles.

*Se é unha cousa que xurde unha necesidade que ten que... si, pero podendo...  
podendo coidalos na casa deles, pois a verdade é o que queren eles. (Elena)*

Tamén é habitual o discurso favorable ás residencias pensando nunha hipotética dependencia futura da persoa entrevistada:

*Bueno, eu a ver... vouche ser sincera. Se os meus fillos traballan e teñen que perder o traballo, pois prefiro que me leven a un sitio. (María)*

*Pois eu case que... eu penso que é mellor que me leven a unha residencia. Porque a ver, a parte os meus fillos non sei como vai ser con eles. Entón eu prefiro que me leven a unha residencia e que fagan a súa vida e non teñen que estar pendentos de min. (Clara)*

O discurso arredor das residencias amosa importantes contradicións. A análise deste paradoxo conduce a pensar que a versión contraria ao coidado en residencias está máis conectada co pensamento real, pois é a que coincide coas prácticas. Seguindo esta lóxica, a visión favorable ás residencias pode ser simplemente un discurso asumido polas persoas coidadoras ante a falta de control da súa situación nun hipotético futuro de dependencia.

### **5.3.2 Alternativas desexables**

Se ben todo o discurso xira arredor da casa e da conveniencia de que a persoa dependente fiquen no seu domicilio, non todas as estratexias que provocan que esta deixe o fogar son vistas de maneira negativa. O discurso cara aos centros de día en xeral é positivo, aínda que esta fórmula non se observou dentro de ningunha das estratexias.

*Ser é unha cousa boa porque unha persoa... por exemplo estar dúas persoas soas, un matrimonio por exemplo, e que un deles esta moi mal... pois mira, se cho levan unhas hora pois ti aínda podes saír á rúa e facer a compra ou descansas algo. Sáeste daquel todo o tempo. (Teófila)*

Do mesmo xeito é positiva a visión que hai da contratación de profesionais do coidado. Elena describe así o coidado no fogar por profesionais:

*Se estás no fogar, tes unha persoa no fogar, é distinto. É máis un trato ti a ti. Cando esa... unha persoa encaráñaste co que estás... co dependente... encaráñase co coidador. (Elena)*



Sinala a posibilidade de ter un trato relaxado e concreto coa persoa dependente, todo o contrario do que expresaba con respecto ao coidado en residencias, así como o lazo de cariño que pode producirse.

Estas dúas estratexias de coidado diferéncianse das residencias en que son compatibles co coidado familiar. De feito, en todos os casos observados nos que se contratou a terceiras persoas os familiares seguen a colaborar de maneira moi intensa. Consecuentemente, pódese concluír que unha parte dese discurso de carácter *fogarista* vén xustificada polo desexo de participar directamente do coidado.

### 5.3.3 A visión do reparto de traballos

No relativo ao reparto dos coidados dentro da familia, o discurso é favorable á estratexia de que o coidado da persoa dependente recaia en quen se ocupa do traballo do fogar habitualmente. Isto é xustificado xeralmente polas propias persoas que desenvolven ese rol. É frecuente escoitalles argumentos que xustifiquen o feito de que lles tocase a elas:

*Porque a verdade como eu tamén teño nenos pois dunha que fago unha cousa pois tamén o coido a el. (Clara)*

Non obstante, iso non impide que se lancen certas críticas, sobre todo ao reparto xeral de tarefas da unidade familiar por xénero:

*Eu fixen do meu, e moito do deles. E eles do meu nunca fixeron. Eu téñolles axudado a eles moito por fóra, pero eles a min os cacharros nunca mos fregaron, nin unha fregona arriba nunca ma pasaron. (Teófila)*

En canto á división de tarefas segundo o xénero, semella que non hai un discurso moi formado. As mulleres falan con certa resignación do seu rol e acéptano, aínda que consideran que se traballasen fóra a situación debería ser diferente. Así razoa unha entrevistada cando se lle pregunta por que non hai máis implicación do seu marido, fillo da persoa dependente:

*Ao traballar fóra tamén é máis difícil porque claro, ao non estar non vas estar esperando a que veña para facer as cousas ou darlle a comida ou... aquí un pouco ao mellor é tradición, o que falabamos antes. Aos noras, ao mellor ao quedar na casa... ou as fillas... na casa. É a que o ten que facer. (Elisa)*

Non obstante, ao analizar situacións nas que ambos compoñentes da parella traballan, o discurso é máis definido e favorable ao reparto igualitario.

*Para a miña filla xa é distinto. Porque a miña filla traballa coma el, e bueno. Eu penso que se pode compartir mellor porque o labor dun piso pois mira, ela pode fregar uns cacharros e el plancha. (Teófila)*

Os homes que son coidadores exclusivos teñen moi asumido o seu papel e encárganse de todas as tarefas, polo que mostran un discurso que non se diferencia do das mulleres coidadoras en canto ás súas propias responsabilidades.

*Cando está malo tes que afrontar a situación, non che queda outro remedio. Hai que facer o que está diante e acabouse, hai que acatar o que vén. (Jorge)*

Non obstante, todos os casos observados con este perfil estaban en familias nas que non había mulleres dispoñibles para coidar, ben por razóns laborais ou por ausencia total.

#### **5.3.4 Un discurso fogarista: coma na casa, en ningures**

Un dos eixos fundamentais dos discursos é o vínculo da persoa á casa. Constantemente se repite a importancia de manter á persoa no fogar, de deixala no seu domicilio habitual, incluso cando xa non ten a capacidade de recoñecelo.

A mostra máis ilustrativa do relevante que este aspecto resulta é a estratexia de Elena e a súas irmás. Elas coidan de seus pais repartíndose o traballo a partes iguais e coa axuda de dúas coidadoras contratadas. A entrevistada explica así como xurdiu esa estratexia:

*No momento cando decidimos de coller unha persoa pois dixemos de coller unha persoa ou que viñera para xunto de algunha. Eu por exemplo teríaos coidado na miña casa se eles quixeran. Pero eles non... el di que a casa del que non a deixa. (Elena)*

Entre a posibilidade de que fosen coidados principalmente por familiares ou por persoas alleas, primouse a segunda opción porque era a que permitía permanecer no domicilio.

É importante destacar que a miúdo se trae a colación a vontade expresa das persoas dependentes de non abandonar o domicilio baixo ningún concepto:

*Aí, non, para aí nunca quería ir. Para a residencia nunca, sempre dicía que non o leváramos. Nin ao tanatorio tampouco. (Javier)*

Consecuentemente, pode verse o carácter tradicional e arraigado do discurso fogarista. Discurso que as xeracións descendentes respectan canto menos no referido aos seus pais.

Podería pensarse que todo o valor da casa deriva da súa dimensión como unidade económica e produtiva. Porén, o discurso e as estratexias de carácter *fogarista* mantéñense en casos nos que a casa xa non cumpre esa función, senón que a vía principal de ingresos é un traballo asalariado.

#### **5.4 O reparto da herdanza e as súas implicacións**

O reparto da herdanza no concello do Val, como describiu o experto na materia entrevistado, baséase na mellora dun herdeiro, xeralmente o varón máis vello, o cal queda coa casa e a maioría dos bens familiares. Este privilexio leva tradicionalmente aparelladas diversas responsabilidades entre as cales se encontran os coidados das persoas maiores da unidade familiar, tal e como se reflexou no relato da maioría de casos:

*Non sei, creo que significará... quedar na casa, coidar os pais, que a casa siga... o patrimonio siga... quedando o máis unido posible. Que siga funcionando a casa, que non se cerre esa casa. (Elena)*

##### **5.4.1 A mellora**

A distribución tradicional da herdanza deixaba dous terzos dos bens á persoa mellorada. O terzo restante dividíase entre todos os/as herdeiros/as, incluído o mellorado. Tamén era habitual a distribución de terzo e quinto, unha opción de mellora máis discreta que propiciaba un reparto máis equilibrado.

Porén, na actualidade a lei fai unha división por cuartos segundo a cal se pode deixar ata un 75% ao mellorado—volvendo entrar de novo no 25% restante co resto de irmáns—. Esa é a fórmula que se adoita utilizar na actualidade, aínda que as persoas entrevistadas seguen a falar e a pensar en termos de terzos.

En palabras do notario, a inmensa maioría dos testamentos que elabora do concello do Val inclúen esa mellora máxima. Esta leva aparelladas, dacordo co seu discurso e co do resto de persoas entrevistadas, dúas cousas: a continuación da explotación familiar e o coidado das persoas que pertencen a el e o precisen.

Aínda que o costume de deixar herdeiro mellorado continúa vixente, si hai algo que mudou: o papel de persoa mellorada xa non está tan asociado cos varóns máis vellos. Así o explica Teófila:

*Xa che cambiou todo e agora queda o que queira. Tanto ten que sexa o máis novo como o máis vello. O que lle gusta. (Teófila)*

Entran en xogo os desexos e afinidades dos descendentes, recaendo o rol de mellorado en quen se mostre máis predisposto/a. Esta tendencia é confirmada polo notario, que sinala que a figura de varón máis vello mellorado xa non é única. Porén, a persoa mellorada segue a quedar dentro da descendencia directa.

Este costume de privilexiar fortemente a un dos fillos non está enfrontado con favorecer ao resto de descendentes por outras vías. É frecuente que os non herdeiros sexan compensados mediante formación académica ou con axudas económicas para vivenda ou para montar negocios.

É de resaltar a importancia que o propio experto consultado outorga á mellora como medio para evitar o despoboamento do rural. Dende o seu ollar, o sistema legal debe favorecer o desenvolvemento desta estratexia de herdanza e respectar a tradición. Consecuentemente, no seu labor profesional facilita a adaptación dos desexos *melloristas* da poboación ao marco legal existente.

#### **5.4.2 A relación coidados-herdanza**

Tal e como se sinalou, a mellora está tradicionalmente vencellada a dúas dimensións: a continuidade da unidade produtiva e os coidados da familia. Porén, o valor das casas como unidades produtivas na actualidade está en retroceso, como sinalan varias das persoas entrevistadas.

*Agora non queda ningún [herdeiro]. Ninguén quere quedar nas casas traballando na agricultura (Teófila).*

O sistema de mellora non sempre é suficiente para lograr que se continúe coa actividade agraria. De feito, en varios casos observados a persoa herdeira xa non vivía da explotación familiar, senón que a fonte principal de ingresos era un traballo asalariado. Ademais, a mellora prodúcese tamén en casos nos que o fogar nunca foi explotación agrogandeira.

O vínculo da mellora coa continuidade da casa é xa difuso. Porén, non sucede así cos coidados, os cales seguen moi conectados coa herdanza. Continúan a ser as familias das persoas melloradas as que teñen a responsabilidade do coidado, prosigan ou non coa casa como unidade produtiva.

Unha mostra desta relación tan estreita é o feito de que nos testamentos é frecuente a persoa testadora inclúa o coidado na vellez como condición para ter o acceso á mellora. Así o explica o notario entrevistado:

*Adoita facerse e adoita ser moi problemático. A min non me gustan eses testamentos. (...) O que si temos que ter en conta é que nosoutros agora poñémoslle a obriga de coidar. Como non circunscribamos máis esa obriga de coidar, o que estamos xerando é un problema, porque... que quere dicir que coidemos? Que quere dicir que ese coidado está vinculado á mellora? (Ex2)*

*Estableza vostede a condición de que o coiden, que a min paréceme moi normal de que o coiden a vostede e de que coiden a muller. E fixe vostede como quere que o coiden. (Ex2)*

Comenta que nun 60-70% dos casos se fai esa solicitude da “cláusula de coidados”, destacando que hai moitas diferenzas segundo xeración, pois a tendencia diminúe conforme se reduce a idade da persoa testadora.

Dentro dos casos entrevistados pode verse tamén o estreita que é esta relación entre a mellora e os coidados. Chama a atención, por exemplo, que o único caso no que o coidado se reparte exactamente igual entre todas as irmás sexa tamén o único no que, habendo máis de un descendente, non está previsto que haxa mellora. Así responde Elena cando se lle pregunta se algunha das irmás será herdeira mellorada:

*De momento eu creo que non, de momento somos todas a partes iguais. Creo. Polo que meus pais sempre dixeron. (...) E todas de acordo. Encantadas por ser as cinco e poder compartir o bo e o malo. (Elena)*

Neste caso o reparto de coidado igualitario entre descendentes equivale a reparto igualitario da herdanza. No resto de casos semellantes, sempre é a familia do herdeiro mellorado —varón na totalidade dos casos abarcados— a que ten a responsabilidade do coidado. Aínda que logo haxa colaboración máis ou menos estreita, esta relación sempre está presente.

No relato que Clara fai dun conflito que tivo lugar dentro da súa familia exprésase de xeito completamente explícito a relación entre a herdanza e os coidados. O maior dependente neste caso tiña unha filla e un fillo. Este último ficara na casa e ía ser o mellorado. Porén, faleceu prematuramente. Cando isto sucedeu, a outra filla quixo levar a seu pai con ela, ofrecéndose a coidalalo a cambio da mellora. El preferiu quedar na súa casa a cargo da familia do seu neto, o continuador da explotación:

*A filla quería levar ao avó onda ela, e quería o do avó todo. Coma quen que o sobriño non existira, nin a cuñada. Entón el non aceptou. Ela deulle a elixir. (...) El decidiuse quedar na súa casa e que o atenderan o neto e a nora, claro. (Clara)*

Como consecuencia, a filla desentendeuse do coidado de seu pai e el testou deixándolle a mínima proporción posible dentro do marco legal e mellorando ao neto coma no seu día fixera co seu fillo.

### **5.5 A importancia da composición por xénero da unidade familiar**

A figura de persoas mellorada non é o suxeito único das obrigas que implica ser herdeiro/a, senón que é todo o núcleo familiar o que comparte a responsabilidade. Polo tanto, a responsabilidade de coidar non recae simplemente sobre a persoa mellorada, senón que se reparte entre as persoas da unidade familiar. Na tradición deste reparto o xénero ten un importante peso, sendo asimilados os coidados ás mulleres do fogar. De feito, as propias entrevistadas explican como o feito de casar cun herdeiro tiña a implicación explícita de coidar dos sogros:

*Antes dicíano, si, si. E acórdome na miña xuventude: “pois casouse fulanita, casou cun herdeiro, pois ten que ir alí e coidar os pais”. Os sogros. (Elisa)*

Así, semella claro que a composición por xénero da unidade familiar ten un peso importante na maneira en que se reparte o coidado dentro das casas.

A información recompilada arredor dos habitantes de cada fogar mostrou que sempre que na casa hai mulleres con capacidade para coidar, hai unha intensa implicación das mesmas no coidado. De feito, o habitual é que sexan coidadoras principais.

Cando hai máis de unha muller dispoñible, o resto de mulleres adoitan entrar no coidado, independentemente da súa idade ou ocupación. Si é certo é que o volume de implicación no coidado particular da persoa dependente está conectado coa implicación nos coidados xerais do fogar, sen menor nos casos nos que hai maior implicación e outro tipo de traballos.

Os homes coidadores únicos atopados viven en fogares onde non hai ningunha muller que poida responsabilizarse do coidado.

Polo tanto, pode dicirse que os suxeitos de reparto son as mulleres, polo que cantas máis haxa na casa maior é a tendencia ás estratexias de reparto. Non obstante, cando estas están ausentes si se produce o coidado por parte dos homes, que asumen o traballo se é necesario.

## 6. CONCLUSIONES:

Para rematar, este apartado de conclusións aspira a regresar sobre as propostas iniciais do traballo, volvendo sobre obxectivos, hipóteses e marco teórico e poñendo eses elementos en relación cos resultados obtidos. A maiores, engádese un apartado con posibles frontes para ampliar a investigación.

### 6.1 Balance arredor dos obxectivos

Partindo dos obxectivos específicos expostos, neste apartado sintetízase o comentado na análise e valórase en que medida se acadaron os obxectivos.

- **Ver as estratexias e discursos dos/as familiares de maiores dependentes con respecto ao coidado dos mesmos.**

Este obxectivo pode considerarse acadado, pois conseguiuse facer un retrato tanto das estratexias escollidas para o coidado como dos discursos que as persoas familiares toman ao respecto.

As estratexias baséanse no mantemento da persoa dependente no seu domicilio, contemplándose o abandono da mesma só coma último recurso. Dentro do que é o coidado na casa, danse diversas estratexias de ampliación do coidado para facer factible que a persoa permaneza no fogar.

Cando unha persoa maior se volve dependente non se produce unha reflexión profunda sobre como se desenvolverá o seu coidado nin de quen o levará a cabo. A responsabilidade recae sobre a persoa que realiza os traballos de coidados da casa en xeral. Porén, debido á forte dedicación que esas actividades requiren, o habitual é que esta fórmula remate por non ser efectiva. Como consecuencia, desenvólvense diferentes estratexias de ampliación do coidado: o reparto entre membros da unidade familiar, a axuda de fin de semana e a combinación con traballadoras profesionais. Esas tres fórmulas son compatibles entre si e, de feito, observáronse simultaneamente en algún dos casos.

No referido aos discursos atopouse unha grande homoxeneidade. Estes céntranse no fogar e na importancia de manter á persoa dependente dentro do seu entorno. Conclúese coa análise do discurso que parte deste interese vén motivado polo valor histórico e tradicional da casa, mais tamén pola posibilidade de que a familia que cohabita participe intensamente no coidado. Hai unha visión positiva das estratexias de coidado que

permiten esa participación familiar, mentres que as residencias, asociadas coa externalización total, son vistas con receo.

- **Explorar a relación entre as formas de repartición da herdanza e as estratexias de coidado adoptada polas familias.**

Este obxectivo tamén foi acadado, xa que se deu conta da relación existente entre o sistema de herdanza e a asignación dos coidados. As familias dos herdeiros mellorados son as responsables dos coidados. Todas elas continúan nas casas dos proxenitores, aínda que xa non viven necesariamente das actividades do agro. Cando se atopou un caso no que non había herdeiro mellorado, observouse que o coidado era repartido homoxeneamente.

Nos discursos coincidiuse en que o coidado dos proxenitores é unha parte importante da responsabilidade que implica a figura de herdeiro mellorado. Outra dimensión relevante deste rol é a continuación da casa como unidade produtiva. Porén, a mellora tamén se produce en casos nos que o fogar nunca tivo ese papel, polo que se pode concluír que na actualidade son os coidados o eixe vertebrador deste sistema.

- **Observar as diferenzas no discurso relativo ao coidado de maiores dependentes en función do perfil sociodemográfico da persoa coidadora.**

Con respecto ás diferenzas no discurso relativo aos coidados, apreciouse unha grande homoxeneidade. O discurso non se viu afectado polas variables sociodemográficas, xa que as diferenzas de xénero e idade non supuxeron variedade no discurso.

A tenor dos resultados, pode concluírse que as variables xénero e idade non marcan a diferenza no relativo ao discurso, co que cabe afirmar que este depende de outro tipo de variables.

Porén, hai que sinalar que a consecución deste obxectivo non é tan clara coma nos casos anteriores, pois a limitacións do cadro tipolóxico repercuten sobre a solvencia dos resultados a este respecto. Conviría partir dun cadro tipolóxico máis amplo e diverso segundo as variables xénero e idade para examinar en profundidade estas diferenzas.

- **Examinar de xeito exploratorio a influencia da composición por xénero unidade familiar nas decisións relativas ao coidado de maiores dependentes.**

Dado que este obxectivo tiña unha clara vocación exploratoria pódese dicir que foi acadado. Examinando a composición por xénero das unidades familiares descubriuse que a presenza de mulleres é clave nas estratexias de reparto dentro fogar. Non obstante, queda pendente ver se hai relación entre a composición e as estratexias de



ampliación do coidado atopadas, pois o número de casos foi insuficiente para chegar a conclusións máis amplas nese sentido.

## **6.2 Posta a proba das hipóteses**

Neste apartado razónase se, partindo dos resultados obtidos, se poden rexeitar ou aceptar as hipóteses propostas nun principio. Hai que ter en conta que todo o expresado se cingue aos resultados desta investigación, polo que está sometido ás limitacións da mesma.

- **O sistema de herdanza baseado na mellora propicia o coidado na casa.**

Os resultados obtidos no marco desta investigación confirman que o sistema de herdanza baseado na mellora propicia o coidado na casa. Esta forma de reparto delega sobre a unidade familiar da persoa herdeira principal a continuación da casa, entendida tanto nunha dimensión produtiva como reprodutiva.

No traballo de campo observouse que a continuación da casa como unidade económica xa non é unha condición necesaria para ser mellorado con respecto ao resto de irmáns. Porén, en todos os casos nos que se observou mellora, era a unidade familiar da persoa mellorada a que se encargaba dos coidados. Ademais, as persoas entrevistadas recoñeceron ese rol coma un deber explícito que recae sobre elas, chegando algunhas a describilo mesmo coma unha obriga.

- **A masculinización da poboación non se traduce na presenza de coidado familiar levado a cabo por homes.**

Esta hipótese, en relación co observado na investigación, debe ser rexeitada. Si se observaron homes coidadores, tanto compartidos como exclusivos. Esta implicación está altamente conectada coa presenza das mulleres no fogar. Consecuentemente, o perfil de home coidador só aparece ante a ausencia total ou parcial das mulleres. A ausencia total débese en boa medida á masculinización de certas xeracións, polo que hai que considerar que é un factor clave da participación dos homes nos coidados.

Na investigación realizada conclúese que o desexo de coidar na casa e coa colaboración da familia é máis forte que a división sexual dos traballos, a cal se dilúe se a outra alternativa é abandonar o domicilio.

- **O discurso relativo ás formas de coidado é moi homoxéneo e non presenta grandes variacións en función do xénero e a idade.**

En relación ao observado, esta hipótese debe ser aceptada. O discurso atopado é moi homoxéneo e non se viu afectado polo perfil sociodemográfico da persoa entrevistada. Non se apreciaron diferenzas no discurso por xénero nin por idade. As liñas xerais eran compartidas por todas as persoas entrevistadas e as pequenas diferenzas non estaban asociadas a estas características, concluíndose que non son variables relevantes na xeración do discurso con respecto dos modelos de coidados dentro do eido estudado.

### **6.3 Unha breve reflexión a propósito do marco teórico**

Á luz dos resultados obtidos cabe realizar unha reflexión teórica conectando o observado co exposto ao longo do marco teórico.

A fundamentación teórica deste traballo comeza dando conta de como no nacemento da disciplina sociolóxica había un notable interese polo que acontecía dentro das familias e na esfera do privado. Dito interese foise evaporando co tempo e co predominio dos enfoques de corte funcionalista, ata o punto de que nomes como Martineau ou Le Play quedaron ausentes dos actuais manuais de socioloxía. Foi necesario rachar con esa óptica para comprender que o que acontece de portas para dentro dos fogares é parte da vida social e non está realmente separado da esfera pública.

A teoría feminista destapou a realidade a este respecto, traendo á palestra pouco a pouco os coidados e a súa importancia na sociedade. Porén, estes están aínda moi lonxe de ser comprendidos en toda a súa relevancia, tanto na sociedade como na academia (Carrasco et al., 2011). Consecuentemente, non está de máis reivindicar a súa importancia a través do atopado neste traballo de fin de grao, no cal se observa como os coidados rixen a vida das persoas de maneira moi intensa, modelando as súas traxectorias profesionais, o seu ocio ou os seus testamentos. Esta afectación non é igual para todas as persoas, senón que se divide en función de diversas variables. A máis destacada é, sen dúbida, o xénero. Non obstante, o contexto rural desenvolvido no marco e atopado no campo, provoca situacións nas que hai moito traballo de coidados que realizar e moi pouca capacidade para levalo a cabo. Esa emerxencia crea novos escenarios e favorece alternativas de reparto máis equilibradas.

A relación das herdanzas cos coidados neste contexto resulta de grande interese. Os traballos comentados de Narotzky (1991) e Izuhara (2008) mostraban dúas realidades moi diferentes con respecto dese vínculo. Os resultados desta investigación achégase

moito máis ao de Narotzky onde, nun escenario bastante semellante ao concello estudado, herdanza e coidados aparecen conectados como dous elementos intercambiáveis. Porén, non todo son semellanzas. No campo da presente investigación a mellora circunscríbese aos descendentes directos, polo que non hai unha flexibilización tan grande como no caso do artigo de Narotzky, onde podían entrar mesmo persoas alleas á familia.

Con respecto ao estudo de Izuhara (2008), as similitudes non son moi directas, pois nese caso a relación da herdanza e os coidados é feble. Non obstante, é particularmente interesante o caso do Xapón, un país onde no que había unha tradición *mellorista* forte que semella perdida (Ibid.). Neste cambio influíu a perda de valor dos bens troncais, os cales se poden converter máis nunha carga ca nun beneficio unha vez herdados. Esta perda ten presenza no campo abarcado.

Izuhara vencella a diminución da relación da herdanza e os coidados co desenvolvemento de políticas públicas que favorecen a autonomía das persoas maiores, facendo que haxa máis vías ademais das estratexias clásicas (Ibid.). No caso do concello estudado, viuse un impacto moi residual das axudas públicas que pode explicar en parte o que acontece.

A pesar da perda de valor dos bens potencialmente herdados e do frecuente que é a non continuación da casa como unidade de produción, a mellora segue a funcionar, centrada no desenvolvemento dos coidados na vellez. Ante a falta de posibilidades de novas estratexias, máis adaptadas ao modo de vida presente e máis equilibradas en canto ao reparto, mantense esa estratexia tradicional combinada na medida do posible coas estratexias de ampliación do coidado expostas na análise. Deste xeito, hai un incentivo e unha compensación para a prestación de coidados, o cal conta tamén conta axuda do valor simbólico do fogar que, como xa se expuxo, segue vivo en boa parte.

#### **6.4 Frontes abertas**

Como non pode ser doutro xeito, unha investigación tan cativa coma esta presenta numerosas fronteiras para ser continuada, perfeccionada ou ampliada.

Mantendo os puntos de partida deste traballo, a vía natural de ampliación sería aumentar o número de casos entrevistados e partir dun cadro tipolóxico elaborado en función das variables clave. Nesta ampliación cabería entrevistar ás persoas das familias dos/as dependentes que se atopan en residencia para analizar o seu discurso e as variables que motivan esa estratexia. Deste xeito poderíase facer un debuxo máis

nítido dos cuidados a maiores no caso estudado, incidindo máis nos factores que están detrás da elección de cada estratexia de cuidado ou de ampliación de cuidado.

Por outra banda, a relación entre cuidados e herdanza quedou posta de manifesto. Non obstante, quedan pendentes os detalles dese vínculo. Cabería realizar unha investigación centrada nos cuidados e a herdanza no rural galego onde se comparasen zonas con diferentes costumes hereditarios. Así poderíanse comprender mellor ata onde chega esa relación e cales son as causas que a motivan na actualidade.

Finalmente, outra vía que queda aberta é o impacto da masculinización do rural na diferenciación por xénero en canto á prestación de cuidados. Neste caso esa cuestión abarcouse cunha clara vocación exploratoria. Os resultados non foron moi esclarecedores, pero si se viu o interese do tema, co que se procedería realizar unha investigación centrada sobre el, buscando en que medida a preferencia polo cuidado familiar e na casa está por riba da división tradicional por xénero dos cuidados.

## 7. DIFICULTADES ENCONTRADAS E AUTOAVALIACIÓN

Finalmente, neste apartado recóllense as dificultades e outros aspectos do proceso de elaboración deste traballo que serven para contextualizar e comprender mellor o resultado final, así como as súas fortalezas e debilidades máis destacadas.

A primeira dificultade experimentada deuse na composición do marco teórico. Aínda que o tema de interese ten un percorrido teórico relativamente curto no tempo, a produción bibliográfica é moi ampla e extensa. Isto supuxo atoparse ante unha cantidade de información moi elevada e sen puntos de referencia claros. Consecuentemente, o proceso de filtración e asimilación dos contidos foi longo e lento, de xeito que lle restou espazo a outros aspectos.

Outra problemática relativa á fundamentación teórica foi a escaseza de bibliografía en castelán, a cal obrigou a recorrer ao inglés e ao francés en varias ocasións. Estas lecturas tomaron máis tempo do habitual e tamén incrementaron a duración do proceso de creación do marco teórico.

Xa no referido ao deseño metodolóxico, a maior dificultade estivo relacionada co cadro tipolóxico. Aspirábase a seleccionar os casos en función de diversas variables de interese para os obxectivos e hipóteses, mais o resultado non era factible dentro dos prazos da investigación.

No traballo de campo presentouse a dificultade máis intensa: o transporte aos fogares dos casos entrevistados. O feito de entrevistar nas casas, como xa se manifestou, presentou vantaxes, pero tamén implicou que o tempo investido no traballo de campo fose moi superior ao esperado. O número de entrevistas tamén se viu afectado e estivo por debaixo das expectativas iniciais.

De algunhas destas dificultades emanan varias das debilidades máis palpables. A primeira está no marco teórico, no que se bota en falta unha maior unidade e unha maior proximidade coas cuestións da investigación. A falta de tempo e experiencia impediron que o marco fose máis maduro e achegado ao traballo empírico.

A metodoloxía presenta a xa mencionada debilidade relativa ao cadro tipolóxico, a cal lastrou toda a investigación. Esta, unida ao reducido número de casos abarcados, limitou o cumprimento dos obxectivos e a capacidade para avaliar as hipóteses, ademais de dificultar a análise. Cunha mellor planificación poderíanse ter abarcado máis e mellor mostra.

No referido ao campo, a inexperiencia fixo que non se aproveitara todo o posible o momento de estar fronte ás persoas entrevistadas, obviando algúns temas ou evitando escarvar neles todo o que sería desexable por temor a provocar unha reacción adversa. En consecuencia, a información conseguida foi inferior á que potencialmente se podería ter acadado.

En canto ás fortalezas, hai que destacar que, pese ás mencionadas dificultades con respecto ao marco teórico, conseguiuase elaborar unha composición coherente e ben sintetizada que serve para situarse sobre a investigación e reflexionar sobre os seus resultados.

Tamén é de resaltar a riqueza que supuxo partir dun amplo coñecemento previo da zona na que se desenvolveu o campo, pois coñecer os lugares, os dialectalismos e os costumes foi esencial tanto no desenvolvemento das entrevistas como para lograr unir con maior efectividade as pezas que estaban sobre a mesa a posteriori. Como consecuencia, o traballo chegou á maior parte dos obxectivos e serviu para, dentro das súas limitacións, xerar un coñecemento sobre a cuestión abordada.

Finalmente, cómpre rematar este apartado resaltando o rico que foi o proceso de elaboración do traballo en canto a aprendizaxe, sendo unha experiencia altamente enriquecedora tanto no persoal como no académico. O máis destacado foi a combinación do traballo de biblioteca, dialogando con diferentes autores/as e teorías, e o traballo de campo, conversando e compartindo momentos coas persoas protagonistas da realidade estudada. A unión destas dúas vías revelouse como unha ferramenta extraordinaria para comprender o complexo mundo social, servindo para facer visible o que durante anos pasara inadvertido e traendo consigo unha grande aprendizaxe vital.

## 8. BIBLIOGRAFÍA E FONTES CONSULTADAS

- Balbo, L. (1994). La doppia presenza. *Inchiesta*, 32. En Borderías, C., Carrasco, C. e Alemany, C. (eds.) (1994). *Las mujeres y el trabajo*. Barcelona: Icaria [Orixinal 1978].
- Bazo, M. T. e Domínguez-Alarcón, C. (1996). Los cuidados familiares de salud en las personas ancianas y las políticas sociales. *Reis: Monográfico sociología de la vejez*, 73, 45-56.
- Borderías, C., Carrasco, C. e Alemany, C. (eds.) (1994). *Las mujeres y el trabajo*. Barcelona: Icaria.
- Bourdieu, P. (1996). *Sur la télévision*. Paris: Liber-Raisons d'agir.
- Camarero, L. e Sampedro, R. (2008). ¿Por qué se van las mujeres? El continuum de movilidad como hipótesis explicativa de la masculinización rural. *Reis*, 124, 73-105.
- Carrasco, C., Borderías, C., e Torns, T. (eds.) (2011). *El trabajo de cuidados. Historia, teoría y políticas*. Madrid: Los libros de la catarata.
- Cea D'Ancona, M. Á. (2012). *Fundamentos y aplicaciones en metodología cuantitativa*. Madrid: Síntesis.
- de Beauvoir, S. (1998). *El segundo sexo*. Madrid: Cátedra [orixinal: 1949].
- Engels, F. (1963). *El origen de la familia, la propiedad privada y el Estado*. La Habana: Editora Política [orixinal: 1884].
- Fisher, B. y Tronto, Jean (1990): Toward a feminst theory of caring. En Abel, E. e Nelson, M. (eds.), *Circles of Care.: Work and Identity in Women's Lives*. Albany: Suny Press, 35-54.
- García Docampo, M. (2003). *A Construcción social do territorio galego*. Santa Comba: tresCtres.
- Le Goff, A. e Garrau, M. (2012). *Politiser le care? Perspectives sociologiques et philosophiques*. París: Editions Le Bord de l'eau.
- Garrigós Monerris, J. I. (2003). *Frédéric Le Play. Biografía intelectual, metodología e investigaciones sociológicas*. Madrid: CIS.
- Giddens, A. e Philip W. S. (2013). *Sociología*. Madrid: Alianza Editorial.
- Gilligan, C. (1993). *In a Different Voice. Psychological Theory and Women's Development*, Cambridge: Harvard University Press.
- Graham, H. (1983). Caring: A Labour of love. En Finch, J. e Groves, D. (eds.). *A labour of love: Women, Work and Caring*. Londres: Routledge and Kegan Paul.
- Graham, H. (1991). The concept of caring in Feminist Research: The Case of Domestic Service. *Sociology*, 25, pp. 61-78.
- Himmelweit, S. (1995). The discovered of Unfaid Work': The Social Consequences of the Expansion of "work", *Feminist Economics*, 1, 2, pp. 1-19. Taylor and Frances 1995.
- INE (1998-2005). Padrón continuo de habitantes, datos por CC. AA. <http://www.ine.es/dynt3/inebase/index.htm?type=pcaxis&file=pcaxis&path=%2Ft20%2Fe245%2Fp04%2F%2Fa2015> Recuperado 12/04/16.

- INE (2002-2015). Encuesta de población activa. Datos de activos.  
<http://www.ine.es/dynt3/inebase/es/index.htm?padre=990&capsel=992>  
 Recuperado 12/04/16.
- INE (2015). Padrón continuo de habitantes, datos por provincias e CC. AA.  
<http://www.ine.es/dynt3/inebase/index.htm?type=pcaxis&file=pcaxis&path=%2Ft20%2Fe245%2Fp04%2F%2Fa2015> Recuperado 12/04/16.
- INE (2015). Padrón continuo de habitantes, datos por municipios.  
<http://www.ine.es/jaxi/Datos.htm?path=/t20/e245/p05/a2015/10/&file=00027004.px> Recuperado 13/06/16.
- Izuhara, M. (2008). *Housing, Care and Inheritance*. Abingdon: Routledge.
- Izuhara, M. (2010). *Ageing and intergenerational relations: family reciprocity from a global perspective*. Bristol: The Policy Press.
- Mail, G. e Rogero, J. (2012). Las Encuestas de Empleo del Tiempo como instrumento para analizar el reparto del trabajo remunerado y no remunerado. *Índice*, 51, 20-22.
- Martin, C. (2008). Qu'est-ce que le social care ? Une revue de questions. *Revue Française de Socio-Économie*, 2, 27-42.
- Martín Palomo, M. (2014). *Los cuidados en las familias. Un estudio a través de tres generaciones de mujeres en Andalucía*. Madrid: Universidad Carlos III de Madrid.
- Martínez Buján, R. (2010). *Bienestar y cuidados: El oficio del cariño. Mujeres migrantes y mayores nativos*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
- Narozky, S. (1991). La renta del afecto: ideología y reproducción social en el cuidado de los viejos. En Prat, J.; Martínez, V.; Contreras, J.; Moreno, I. (Eds.) *Antropología del los pueblos de España*. Madrid: Taurus.
- Pérez Díaz, J. (1998). La demografía y el envejecimiento de las poblaciones en A.S. Staab y L.C. Hodges, *Enfermería Gerontológica. México D.F: McGraw Hill*, pp. 451-463.
- Pérez Díaz, J. (2005). Las consecuencias sociales del envejecimiento poblacional. *Papeles de Economía Española*, 104, 210-226.
- Parker, R. (1981). Tending and Social Policy. En Goldberg, E. M. e Hatch, S. (eds.), *A new look at the Personal Social Services*. Discussion Paper 4. Londres: Policy Studies.
- Pérez Orozco, A. (2006). Amenaza tormenta: la crisis de los cuidados y la reorganización del sistema económico. *Revista de Economía Crítica*, 5, 7-37.
- Pérez Orozco, A. (2014). *Subversión feminista de la economía*. Madrid: Traficantes de Sueños.
- Ritzer, R. (2012). *Teoría sociológica clásica*. Madrid: McGraw Hill.
- Thomas, C. (1993). De-constructing Concepts of Care, *Sociology* 27, 4, 649-669. En Carrasco, C., Borderías, C., e Torns, T. (eds.) (2011), *El trabajo de cuidados. Historia, teoría y políticas*. Madrid: Los libros de la catarata. 145-176.
- Tronto, J. (1993). *Moral boundaries: a political argument for an ethic of care*. New York: Routledge.
- Ungerson, C. (1983). Why do Woman Care? En Finch, J. e Groves, D. (eds.). *A labour of love: Women, Work and Caring*. Londres: Routledge and Kegan Paul.



- Valles Martínez, M. (1997). *Técnicas cualitativas de investigación social: Reflexión metodológica y práctica profesional*. Madrid: Editorial Síntesis.
- Valles Martínez, M. (2002). *Entrevistas cualitativas*. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas.
- Varela, J. (1999). Mater familias. Modelos clásicos de sociología del género: F. Engels y É. Durkheim. *Política y sociedad*, 32, 173-188.

## 9. ANEXOS:

### 9.1 Anexo I: dos obxectivos aos subtemas

Obxectivo xeral <i>Preguntas xerais</i>	Obxectivos específicos <i>Preguntas da investigación</i>	Temas	Subtemas
<p>Analizar as estratexias e discursos dos familiares de maiores dependentes con respecto ao coidado dos mesmos, poñéndoos en relación coas estratexias familiares de herdanza, coa composición das redes familiares e co perfil sociodemográfico da persoa coidadora. → <i>Como son as estratexias e discursos das persoas familiares de maiores dependentes con respecto ao coidado? Gardan relación coas estratexias de herdanza, a composición das redes familiares e o perfil sociodemográfico da persoa coidadora.</i></p>	<p>Ver as estratexias e discursos dos familiares de maiores dependentes con respecto ao coidado dos mesmos. → <i>Cales son as estratexias de xestión de coidados que adoptan as familias? Como son os discursos con respecto ao coidado que toman as persoas coidadoras?</i></p>	<p>Estratexia de coidados adoptada</p>	<p>Persoa(s) coidadora(s). Parentesco. Lugar(es) de coidado. Reparto do coidado entre as persoas coidadoras. Proceso de decisión. Alternativas sobre a mesa. Persoa(s) con poder de decisión.</p>
		<p>Discurso relativo aos coidados</p>	<p>Opinión sobre as distintas estratexias de coidado existentes. Forma predilecta. Estratexia de coidado preferida para unha posible situación de dependencia futura.</p>
	<p>Explorar a relación entre as formas de repartición da herdanza e as estratexias de coidado adoptada polas familias. → <i>Existe relación entre o xeito de repartir a herdanza e a estratexia tomada pola familia?</i></p>	<p>Estratexia herdanza</p>	<p>Reparto da herdanza da persoa dependente. Grao de coñecemento do reparto. Motivacións para decantarse por ese reparto. Significado e implicacións da mellora.</p>
	<p>Examinar de xeito exploratorio a influencia da composición da unidade familiar nas decisións relativas ao coidado de maiores dependentes. → <i>Está vinculada a composición da rede familiar á estratexia de coidado tomada?</i></p>	<p>Composición da unidade familiar</p>	<p>Xénero, idade, ocupación e formación das persoas que cohabitan coa persoa maior dependente.</p>
	<p>Observar as diferenzas no discurso relativo ao coidado de maiores dependentes en función do perfil sociodemográfico da persoa coidadora. → <i>Como modelan as características sociodemográficas o discurso relativo ao coidado?</i></p>	<p>Perfil da persoa coidadora (entrevistada)</p>	<p>Idade, estudos, traballo, xénero, lugar de nacemento. Breve debuxo do percorrido vital.</p>

## 9.2 Anexo II: Guión inicial das entrevistas

### INTRODUCCIÓN

---

- Quen é a persoa á que coidas? Que relación de parentesco tes con ela?
- Que enfermidade ten? Como é a súa situación? Que atencións diarias necesita?
- Cantos anos leva en situación de dependencia? Como evolucionou?

### ESTRATEGIA DE COIDADOS ADOPTADA

---

- Quen cuida da persoa? Está ela sempre na casa?
- Como vos repartides o seu coidado? Quen leva máis carga? Que actividades fai cada quen?
- Por que decidistes facelo deste xeito? Foi así en todas as fases? Sentástesvos a falar antes de tomar unha decisión?
- Hai outras opcións sobre a mesa por se a cousa empeora ou se non a podedes seguir coidando como ata o de agora?
- Quen decide sobre as cuestións relacionadas coa persoa dependente?
- Deixou a persoa aclarado como quería que levase unha situación así?

### COMPOSICIÓN DA UNIDADE FAMILIAR

---

- Que outros familiares ten vivos a persoa? Poderías falarme un pouco deles?
- Cales viven aquí, na casa? En que traballan? Onde viven? Que estudaron?
- Axudan a coidalo en algún momento? En que medida?
- En que medida participan as persoas da familia que non viven na casa? Por que razón cres que non se implicaron máis no coidado?

### DISCURSO RELATIVO AOS COIDADOS

---

- Que maneira de organizar o coidado che parece mellor? Por que?
- Que che parecen as outras alternativas? Por que?
- Como che gustaría ser coidada/o nun futuro se estiveses nunha situación de dependencia?
- Pensas que o traballo de coidar se recoñece tanto como se debería?

### ESTRATEGIA HERDANZA

---

- Que bens ten a persoa dependente?
- Quen os vai herdar? Que significa ser herdeiro?
- A herdanza será repartida a partes iguais? Ou hai un herdeiro que leva mellora?
- Os detalles do reparto da herdanza, sabédelos dende sempre? Sempre se pensou en que fose así?
- Por que é o herdeiro esa persoa e non outra? Quixo ela mesma ou tocoulle? É así por tradición?
- Ti como persoa coidadora non vas ter ningún tipo de beneficio?

### PERFIL DA PERSOA COIDADORA (ENTREVISTADA)

---

- Onde naciches?
- Cantos anos tes?
- Cal é o teu traballo? Sempre foi así?
- Cal foi o nivel máximo de estudos que cursaches? Formácheste en algún oficio?

### 9.2.1 Persoa experta 1

#### ASISTENTE SOCIAL

---

- Fálame un pouco do programa de axuda no fogar. En que consiste? Que requisitos hai que cumprir?
- Canto tempo leva en funcionamento?
- Cantas persoas en situación de dependencia hai no concello? Cantas persoas se están a beneficiar dela? En que medida? Cantas persoas están en lista de espera?
- Manexades datos de como son as familias das persoas para as que se solicitan axudas? Como son? Como adoitan ser os fogares no concello? Quen adoita ser cuidador principal?
- Como é a acollida das axudas? Está a xente satisfeita?
- Cales cres que son os puntos febles?

### 9.2.2 Persoa experta 2

#### NOTARIO

---

- Como son as herdanzas nesta zona? Como se reparten tradicionalmente?
- É habitual que haxa quen leve mellora? De canto? Quen adoita ser beneficiario?
- É frecuente o conflito?
- Entra en xogo na decisión de quen leva a mellora o asunto dos cuidados? Tenden a recibir máis quen máis coidan?
- Teño entendido que xuridicamente se contempla a posibilidade de deixar a herdanza á persoa que coide. É certo? É unha práctica habitual?
- Vostede axúdalles ás persoas a decidir?
- Cre que a xente pensa en quen o vai coidar á hora de decidir quen será herdeiro?
- Cambiou moito a maneira de repartir nos últimos anos? En que sentido?

### 9.2.3 Persoa experta 3

#### DIRECTORA RESIDENCIA DE ANCIÁNS DO VAL

---

- Como adoita a ser a situación de saúde das persoas que están nesta residencia?
- De onde proceden xeograficamente?
- Como é o perfil de familia xeral dos residentes que son do propio concello?
- Como participan as familias no coidado? Como de frecuentes son as visitas? Implícanse máis alá diso?
- Semella que a maioría das persoas do concello teñen unha idea pouco positiva das residencias ou considéranas simplemente un último recurso, observa vostede iso? Por que cre que é así?

### 9.3 Anexo III: Fichas das entrevistas a familiares

#### E1 (entrevista piloto)

---

##### Perfil da persoa entrevistada:

Nome anonimizado: Tránsito  
Código: E1  
Idade: 60  
Sexo: muller

##### Retrato:

Muller de 60 anos. Casou aos 17 e marchou vivir á casa do seu marido, herdeiro da familia. Dende ese momento traballou na explotación familiar, dedicándose tanto ás actividades de coidados como ás relacionadas coa gandaría. Na actualidade segue a desempeñar o seu papel de coidadora de xeito moi intenso. Vive co seu marido, o seu fillo, a súa sogra e os seus dous netos menores de 15 anos. Os coidados de toda a familia recaen principalmente sobre ela, única muller activa do fogar.

Declárase de mentalidade conservadora e, sen ser tímida, non semella gustarlle moito falar. Conforme avanza a entrevista as súas intervencións fanse máis longas, aínda que tamén mostra certa ansiedade cando excedemos os 30 minutos, seguramente para atender os traballos do día pendentos.

##### Contexto e incidencias:

Lugar: a cociña da casa familiar. Nese momento non hai ninguén máis na casa aparte da sogra, que está a durmir a sesta.

Data: 26/04/16

Duración: 49 minutos

Contacto: a través dun familiar con coñecemento da zona.

Incidencias: sufrimos dúas interrupcións. Nun momento dado aparece o fillo, que deixou esquecido o móbil. Xa cara ao final, a sogra érguese da sesta e achégase á cociña, algo desorientada coa miña presenza.

**Perfil da persoa entrevistada:**

Nome anonimizado: Manuela  
Código: E2  
Idade: 74  
Sexo: muller

**Retrato:**

Muller de XX anos. De casa labrega, dedicouse na súa xuventude ás actividades da casa, principalmente as relativas á labranza. Paralelamente aprendeu o oficio de costureira, o cal compaxinaba co traballo da casa. Non foi herdeira da casa. Aos 26 anos casou cun zapateiro, Pedro, e tivo un fillo. De casada dedicouse a atender ao seu oficio como costureira, tanto cosendo como ensinando a rapazas, ás actividades de coidado e a atender a tenda do marido. Declara que non é de moitas palabras, mais deseguido comeza a falar. Gústalle repasar o pasado e incide moito nel, mesmo cando a pregunta que se lle formula non dá pé a que o faga. Afirma ter mimado moito ás persoas que tivo ao seu carón, tendo unha alta predisposición ao coidado. É 11 anos menor que o seu marido, polo que aínda ten unha condición física suficiente para prestarlle os coidados que precisa. Porén, a súa saúde empeora pouco a pouco e fai o coidado cada vez máis complicado.

**Contexto e incidencias:**

Lugar: a cociña da casa familiar. Na casa só está o seu marido dependente, o cal practicamente non fala e non reacciona ante as conversas.

Data: 12/05/2016

Duración: 1 hora 33 minutos

Contacto: a través dun familiar con coñecemento da zona.

Incidencias: perdéronse os 2 primeiros minutos por un erro á hora de accionar a gravadora.

**Perfil da persoa entrevistada:**

Nome anonimizado: Martiño  
Código: E3  
Idade: 64  
Sexo: home

**Retrato:**

Home de XX anos. Maior de dous irmáns, foi herdeiro da casa. Porén, non continuou coa explotación agraria e tivo un oficio propio: carteiro —aínda que si colaborou na medida do posible cos seus proxenitores ata que se xubilaron—. Foi o coidador principal de súa nai logo de que esta quedara nunha situación de dependencia a raíz dun ictus. Compartiu o coidado cunha persoa contratada e co resto da familia.

Cando a súa nai enfermou, el viña de prexubilarse por mor dunha hernia de disco. Consecuentemente tivo moito tempo dispoñible para o seu coidado. Aмосa unha visión conservadora no relativo á división sexual do traballo, pero admite que a el non lle importou asumir os labores de coidado de súa nai e considera que o fixo ben.

Mostra unha gran sensibilidade cando fala de súa nai e non presenta moito interese polos asuntos pasados da familia. Non é moi falador, mais tampouco se lle ve incómodo.

**Contexto e incidencias:**

Lugar: a salón da casa familiar. Na casa están o pai, a muller e un dos fillos, mais non interrompen.

Data: 13/05/2016

Duración: 34 minutos

Contacto: a través de unha entrevistada para un traballo realizado para unha materia do grao.

Incidencias: non houbo ningunha incidencia salientable.



**Perfil da persoa entrevistada:**

Nome anonimizado: Javier  
Código: E4  
Idade: 61  
Sexo: home

**Retrato:**

Home de XX anos. Solteiro e moi apegado á casa. Non quixo estudar e pasou por diferentes oficios, decantándose por aqueles que lle permitían estar no seu entorno. Herdeiro dunha casa de primeira xeración, tivo mellora con respecto do seu único irmán. Os pais resolveron en vida e non ocasionou ningún tipo de conflito.

Coida de seu pai e tómao coma unha obriga, como algo que lle toca, pero tamén fala da dimensión afectiva e da satisfacción que a el lle produce. Ten un discurso no que vencella o coidado ao amor. Declara abertamente o seu odio cara ás residencias e explica que artella deixarlle todo ao seu sobriño baixo a condición de que o coide nun futuro.

Gústalle falar e vese que se lle dá ben. Faino tan rápido e de xeito tan preciso que resulta moi complicado entrar na dinámica da entrevista. Pese a todo, aporta información moi rica.

**Contexto e incidencias:**

Lugar: un recibidor da casa moi amplo e con cadeiras.

Data: 13/05/2016

Duración: 31 minutos

Contacto: a través dun familiar con coñecemento da zona.

Incidencias: o pai estaba no mesmo cuarto. Interrompeunos o teléfono tres veces, entorpecendo o ritmo da entrevista.

**Perfil da persoa entrevistada:**

Nome anonimizado: Elisa  
Código: E5  
Idade: 56  
Sexo: muller

**Retrato:**

Muller de XX. É a coidadora principal de súa sogra. Casou con 19 anos e foi vivir ao fogar familiar do seu marido. Non cursou máis estudos que os primarios e non foi herdeira da súa casa. Dedicouse aos traballos da casa e da explotación gandeira, tendo grande protagonismo neste logo de que o seu marido se incorporase a traballar nunha empresa local.

Alegre e aberta, fala sen reparos pero non se estende demasiado. Afirmo que lle gusta coidar e ten unha mentalidade moi familiar. Non atopa contraditorio que sexa ela quen coide da súa sogra.

**Contexto e incidencias:**

Lugar: o comedor da casa familiar.

Data: 14/05/2016

Duración: 35 minutos

Contacto: a través dun familiar con coñecemento da zona.

Incidencias: sufrimos unha interrupción, a da neta cativa de Elisa, mais non afecta ao ritmo da entrevista.

**Perfil da persoa entrevistada:**

Nome anonimizado: Elena  
Código: E6  
Idade: 50  
Sexo: muller

**Retrato:**

Muller de 50 anos. Coidou de seu sogro na casa fai uns anos. Na actualidade participa no coidado dos seus pais xunto coas súas catro irmás. Dedicouse a traballar no fogar a maior parte da súa vida, pero recentemente comezou a facelo en coidados. Estudou ata a primaria, pero formouse en coidados nos últimos anos.

Nun primeiro momento móstrase preocupada e di que se pon nerviosa ao falar, advertíndome que quizais non sexa a adecuada. Porén, unha vez comezamos a conversa está tranquila e calmada, non hai ningún problema. Conta sen demasiadas dificultades e semella moi orgullosa do sistema de coidados artellado coas súas irmás.

**Contexto e incidencias:**

Lugar: o comedor da casa familiar.  
Data: 24/05/2016  
Duración: 35 minutos  
Contacto: a través dun familiar con coñecemento da zona.  
Incidencias: ningunha incidencia destacable.

**Perfil da persoa entrevistada:**

Nome anonimizado: Clara  
Código: E7  
Idade: 32  
Sexo: muller

**Retrato:**

Muller de 32 anos. É coidadora principal do avó de seu marido, con quen casou cando tiña 23 anos. Chegou a comezar no bacharelato, pero deixouno e dedicouse a traballar na explotación agrogandeira da súa nai.

É alegre e aberta. O seu discurso resulta curioso, pois mestura unha mentalidade bastante tradicional con fondas críticas. É bastante máis explícita que o resto de entrevistadas. Semella moi conectada coa tradición, aínda que simultaneamente é quen de ver e de sinalar en alto as súas problemáticas.

**Contexto e incidencias:**

Lugar: o comedor da casa familiar.

Data: 24/05/2016

Duración: 35 minutos

Contacto: a través dun familiar con coñecemento da zona.

Incidencias: non houbo interrupcións, pero sospeito que a proximidade coa cociña (e a posibilidade de que se lle escoitara nela), onde se atopaba a sogra, puido cohibir en certa maneira á entrevistada.

**Perfil da persoa entrevistada:**

Nome anonimizado: Claudia  
Código: E8  
Idade: 21  
Sexo: muller

**Retrato:**

Alegre e aberta, non ten reparos á hora de falar. Semella aínda máis nova do que é. Conviviu dende a infancia con persoas dependentes, axudando na medida do posible no seu coidado. Estase a formar como coidadora profesional, oficio do que xa traballou e ao que aspira a regresar volver.

Actualmente colabora no coidado de súa avoa. Non se considera coidadora principal, aínda que súa nai di que participa tanto coma ela. Gústalle coidar tamén como oficio, considera que é un traballo agradecido. Mostra moito rexeitamento cara á parte da familia que non quixo implicarse no coidado directo.

Apagada a gravadora, dime que se atopou moi cómoda e que a entrevista lle serviu de desafogo.

**Contexto e incidencias:**

Lugar: O patio dunha casa de turismo rural que a familia está a restaurar.

Data: 25/05/2016

Duración: 35 minutos

Contacto: a través dun familiar con coñecemento da zona.

Incidencias: Súa nai está sempre preto, traballando pola casa, mais non dá a sensación de que poida escoitar.

**Perfil da persoa entrevistada:**

Nome anonimizado: María  
Código: E9  
Idade: 76  
Sexo: muller

**Retrato:**

María é unha muller reservada. Fala baixo e cústalle comprender as preguntas probablemente por problemas auditivos. Coidou diversos familiares ao longo da súa vida, tanto propios como por parte do seu marido. En algúns momentos de xeito simultáneo.

No é orixinaria do concello, e nótase moito no xeito de expresarse. Pese ás súas reservas, conforme a entrevista avanzaba víaselle máis aberta. Porén, debido a cuestións de dispoñibilidade a duración tivo que ser demasiado reducida.

**Contexto e incidencias:**

Lugar: a cociña da casa familiar

Data: 25/05/2016

Duración: 23 minutos

Contacto: a través dun familiar con coñecemento da zona

Incidencias: Escóitase de fondo o ruído das patacas fritíndose. Cheguei bastante tarde con respecto ao previsto, o que provocou que a entrevista tivese que ser máis breve do desexado. Ata que non estiven alí non souben que o maior dependente necesitara cuidados durante toda a súa vida, non só na vellez, o que fai que a entrevista non se adecúe ao 100% ao previsto.

**Perfil da persoa entrevistada:**

Nome anonimizado: Jorge  
Código: E10  
Idade: 44  
Sexo: home

**Retrato:**

Jorge é un home alegre e aberto, aínda que de frases curtas. Non ten reparos en falar, pero sempre é extremadamente claro e conciso. Custa moito sacarlle frases longas, aínda que semella cómodo durante toda a conversa. En consecuencia, resulta difícil entrar na dinámica de entrevista con el.

Fillo único, aceptou todas as responsabilidades do seu fogar, continuando coa explotación e asumindo o coidado dos seus pais. Quedou solteiro e evitou calquera camiño na vida que o levara a moverse do seu domicilio.

**Contexto e incidencias:**

Lugar: a cociña da casa familiar

Data: 26/05/2016

Duración: 23 minutos + 15 xa fóra da casa, *off the record*

Contacto: a través dun familiar con coñecemento da zona.

Incidencias: a nai achegouse en varios momentos. Lonxe de dificultar a entrevista, interveu en varios momentos aportando información relevante.

#### 9.4 Anexo IV: táboa-resumo resultados

CÓDIGO	OCUPACIÓNS	ESTRATEGIA	DISCURSO	FAMILIA	MODELO DE HERDANZA
E1	Encárgase da casa, incluíndo dous netos cativos e a súa sogra dependente. Tamén axuda na explotación familiar, aínda que cada vez menos.	Coidado na casa levado a cabo pola <b>nora</b> , única persoa residente no fogar que participa do coidado. Porén, recibe apoio a fin de semana da súa cuñada, a cal vive nun concello limítrofe. Tamén ocasionalmente da súa filla.	Considera que na casa e coa familia é o xeito máis desexable de coidado. En caso de imposibilidade, a alternativa que máis contempla é aliviar o coidado cunhas horas nun centro de día. De non ser suficiente, contempla antes a contratación de unha persoa que acuda ao fogar que facer que a persoa se mude á residencia.	<u>Na casa:</u> Neto Fillo Nora Bisneto Bisneto <u>Fóra:</u> Filla Filla Fillo	Catro irmáns, un deles herdeiro clásico con mellora. Pese a non ser o varón máis vello, tocoulle a el ante a renuncia de seu irmán maior, que preferiu emigrar a Suíza. Continuou coa casa e coa explotación.
E2	Xubilada, encárgase da casa e cuida do seu marido. Anteriormente foi costureira e dependenta na zapatería que rexentaba xunto co seu marido.	Coidado na casa pola súa <b>cónxuxe</b> como cuidadora case exclusiva. Dende vai uns meses contan coa axuda no fogar, que supón 6 horas de apoio á semana por parte dunha das profesionais do concello.	Contempla o coidado na casa e por parte como o máis desexable, aínda que non dá moitos argumentos. En caso de imposibilidade, considera ir á residencia co marido.	<u>Na casa:</u> Cónxuxe <u>Fóra:</u> Catro irmáns anciáns. Cuñados tamén maiores Fillo 2 netos Nora	Fillo único, todo para el, aínda que vive fóra e non participa. Casa de primeira xeración, construída por dous cónxuxes non herdeiros.
E3	Prexubilado, coidador compartido de súa nai. Anteriormente foi carteiro e traballou axudando na explotación familiar.	Coidada na casa de xeito bastante repartido entre todas as persoas do fogar ( <b>fillo</b> , <b>nora</b> , <b>cónxuxe</b> e <b>neto</b> ) máis unha <b>persoa contratada</b> . Contaban con axuda monetaria á dependencia, coa que financiaban parcialmente á empregada.	Parécelle que o coidado na casa é o mellor posible, sexa só pola familia ou con axuda profesional. Fala ben das residencias e declara que imaxina que no futuro todo o mundo rematará nunha delas.	<u>Na casa:</u> Fillo Nora Cónxuxe Neto <u>Fóra:</u> Filla Neta	Irmán e irmá. El quedou na casa e foi mellorado, aínda que non continuou coa explotación e tivo a súa propia profesión. A irmá cursou estudos superiores.



E4	Desempregado, cuidador de seu pai e encargado dos traballos da casa, a cal inclúe unha horta e un galiñeiro. Anteriormente dedicouse a diversos oficios e rematou na ferrería de seu pai.	Coidado na casa polo seu <b>fillo</b> , case de xeito exclusivo. Rexeitou a axuda no fogar porque o prezo saía elevado. As fins de semana seu irmán relévoa durante un día. En caso de empeoramento, opta por contratar a alguén un par de horas ao día para poder ir á horta e encargarse das outras tarefas da casa.	Absolutamente contrario ás residencias, di que na casa e coa familia é a mellor maneira de coidar. En caso de necesidade, aposta pola contratación de unha persoa por horas.	<u>Na casa:</u> Fillo <u>Fóra:</u> Fillo Neto Nora	Dous irmán varóns. O maior quedou na casa, que era de primeira xeración e non de labranza. El é herdeiro mellorado e continuou durante parte da súa vida co negocio familiar. O segundo cursou estudos superiores.
E5	Gandeira na explotación familiar, encárgase da casa e é cuidadora da súa sogra.	Coidada na casa principalmente pola <b>nora</b> , a muller do fillo varón. Colaboran tamén o propio fillo, un neto (principalmente en tarefas que teñen que ver con desprazamentos), unha neta e a súa filla. El quedou na casa traballando parcialmente na explotación e na industria local. A súa outra filla, xa xubilada, participa tamén no coidado, sobre todo cando a nora está ausente.	Decántase polo coidado no fogar e considera as residencias o último recurso. Prefire contratar persoas se é posible en caso de necesitalo. Di que lle gusta coidar.	<u>Na casa:</u> Fillo Nora <u>Fóra:</u> Filla Neto Neta	Irmá e irmán. El quedou na casa e continuou coa explotación, aínda que rematou traballando asalariado. É o mellorado. A irmá cursou estudos superiores.
E6	Traballa dende fai uns meses nunha residencia xeriátrica, anteriormente fíxoo en axuda no fogar dun concello próximo e na explotación familiar. Coidou de seu sogro durante case 20 anos. Actualmente ademais encárgase de todo o traballo do seu fogar e participa no coidado de seus pais.	Coidada na casa familiar por <b>persoas contratadas e polas cinco fillas</b> , as cales viven preto, mais non na mesma casa. Estas estableceron quendas para estar e durmir na casa todos os días. Unha delas vive preto, polo que é a que está pendente das urxencias e a que está en contacto co médico de cabeceira.	Parécelle que o mellor coidado posible ten que desenvolverse no fogar, aínda que sexa por persoas profesionais contratadas. Fala das residencias como fábricas mecanizadas ao servizo do negocio e non das persoas.	<u>Na casa:</u> Cónxuxe, en situación de incipiente dependencia. <u>Fóra:</u> 5 fillas	Cinco irmás que marcharon da casa. Dende ese momento falouse de reparto igualitario.

E7	Traballa no fogar e asume a maioría dos traballos do mesmo. Coida do avó político e dos seus dous fillos pequenos. A súa sogra releva e axúdalle. Ás veces colabora tamén nos traballos da explotación gandeira familiar.	Coidado na casa principalmente pola súa <b>neta política</b> . Participan do coidado a <b>nora</b> e, en cuestións concretas, o neto.	Decántase polo coidado na casa, aínda que porque cre que o seu enfermo en particular non se adaptaría. Para o seu futuro si contempla evitar o coidado directo aos seus fillos. Declara que coidou de varias persoas porque o sentía, pero di que no caso do seu avó político o que a move é o deber.	<u>Na casa:</u> Neta política Bisnetos cativos Neto Nora <u>Fóra:</u> Filla	Unha filla e un fillo falecido. Será mellorado tanto como o marco legal o permite o neto que quedou na casa, cuxo pai faleceu.
E8	É coidadora de súa avoa e estudante do ciclo formativo de atención socio-sanitaria. Anteriormente estudou outros dous ciclos e traballou en coidados.	Coidada na casa principalmente pola súa <b>nora</b> e a súa <b>neta</b> . Tamén participa o seu fillo e o seu cónxuxe.	Discurso contrario ás residencias. Favorable á contratación. Gústalle o coidado na casa.	<u>Na casa:</u> Neta Neto Nora Fillo Cónxuxe <u>Fóra:</u> Filla + núcleo	Un fillo e unha filla. El quedou na casa e suponse que será mellorado.
E9	Dedícase ao traballo do fogar, o cal inclúe unha pequena horta e un galiñeiro.	Coidado na casa pola súa <b>cuñada</b> con colaboración ocasional do seu irmán. Axudan e relevan os fillos da parella.	Favorable ao coidado na casa, foi coidadora toda a súa vida, tanto de familia propia como política.	<u>Na casa:</u> Cuñada Irmán <u>Fóra:</u> 2 sobriños	Non hai descendentes.
E10	Encárgase do traballo do fogar, é coidador principal e case exclusivo de seu pai e encárgase da súa propia explotación gandeira.	Coidado na casa polo seu único <b>fillo</b> . A muller está pendente cando é necesario, pero pola súa situación non pode asumir máis coidado. En caso de necesidade funcionan como relevo familiares afastados e a veciñanza.	Defende que o coidado na casa é mellor. Argumenta a idea con palabras do xeriatra de seu pai, segundo o cal nunha residencia el xa tería finado.	<u>Na casa:</u> Cónxuxe de avanzada idade Fillo	Fillo único, polo que a casa e o patrimonio serán todos para el. Ningún dos seus pais foi herdeiro, eles iniciaron a casa e a explotación que el continúa.

## 9.5 Anexo V: Entrevista a E5 (Elisa)

**Bueno, pois para ir empezando, hai unha persoa da túa familia que é dependente, non? Quen é esa persoa, que relación tes de parentesco con ela?**

Pois é a nai de meu marido, a miña sogra.

**E que enfermidade ten?**

Bueno, pois foi perdendo así a cabeciña e a mobilidade e téñolle que facer todo. Temos que facerlle todo.

**E que ten, unha demencia, ou...?**

Non, máis que demencia...

**Os anos?**

E: Si. Os anos. Ten 99 anos e cada vez está máis... bueno, pois hai que lle facer todo desde hai... 5 anos.

**Como foi evolucionando, logo?**

Ela caeu. Fai cinco anos caeu, levou un golpe na cabeza e estivo moi mal. E bueno, xa non contabamos con que saíra, foi saíndo e a partir diso pois quedou inútil. Ou sexa, hai que sentala na cadeira, deitala, darlle, a comida, o cueiro, lavalas, peinala... todo. Hai que lle facer todo. E cada vez está peor. Agora por exemplo case non move o brazo dereito. Ten así posto para arriba, xa non se lle estira. Cada vez está máis... [xesto de encoller o brazo]

**Quedóuselle como trabado.**

Si. Ou sexa, isto vén vindo pouco a pouco. A man por exemplo cerra. Nós tratamos de irla estirando, de abrílla... pero ela é a cerrala.

**E por exemplo nun día normal, que atencións necesita?**

Bueno, pois por exemplo pola mañá levantala. Levantámola sobre as dez, lavámola, preparámola. Teño que facelo eu case sempre. Despois séntoa na cadeira, doulle o almorzo e despois está na cociña sentada aí na silliña ata a unha e pico que lle damos a comida. Despois deitámola a durmir a sesta. Axúdame outra persoa a deitala, porque bueno... eu soa dou, pero cústame. E ás dúas horas ou así, despois levántoa... de alí a un cacho volvo... bueno, doulle a merenda sobre as seis. E a cea ás nove e media e ás dez ou... depende, hai días que ela está máis pachucha e pide cama, deitámola antes. Nove e media, dez.

**E de noite non dá a lata ou...?**

Se está normalmente ben, non. O que pasa é que bueno, hai veces que ten catarro. Traga con moitísima dificultade. Témoslle que dar todo os líquidos con espesantes. E por exemplo fai como 20 días estivo moi maliña. Veu o médico e dixo que, bueno, que non se contaba moito con ela. Pero saíu. Deulle antibiótico. Porque traga con moita dificultade e en vez de irlle ao pulmón vaille ao outro lado, entón colle pneumonías con frecuencia.

**E claro, comer tédeslle que dar vós da vosa man...**

*Si, si. Todo pasado pola botadora e os líquidos, e a auga... incluso o iogur lle boto un pouquiño de espesante. Todo moi vasto, se non...*

**Canto máis líquido, máis lle pasa ao outro lado.**

*Si, canto máis líquido máis se atraganta. E pódenos afogar, nos ten dito o doutor.*

**E antes deses 5 anos xa viña necesitado así tanta atención ou...?**

*Si, si. Ela caera fai 8 ou 9 anos e rompera unha cadera. E quedara en muletas. E xa a había que bañar, e facerlle... axudala. Pero bueno, comía pola súa man, había que axudala a ir ao baño... e tal. Axudala a bañar, pero comer comía pola súa man. Aínda se valía. Poñíala nun sitio llano e aínda andaba un cachiño nas muletas.*

**E da cabeza?**

*Da cabeza, bueno. Agora por exemplo... coñece... eu creo que nos coñece... aos da casa, pero non sabe dicir o nome. É que case non fala, non sabe expresar. Non sei, non me sabe dicir "quero isto". Eu xa entendo porque ao mellor faime así algún xesto e digo "tes sede?" e non me di nada. Pero ao coller o vaso noto que ten sede, que quere. Vasllo sabendo ti. Pero non, eu creo que aínda que tivese fame ou iso non pide. E se ten dor laia, entón ti xa...*

**Ahá.**

*Claro, ti despois de estar tanto tempo xa controlas, máis ou menos.*

**Entón quen coida a esta persoa? Es ti a principal?**

*Eu e a miña cuñada. Cando está ela tamén me axuda moito e tal, pero a base fundamental son eu.*

**E como vos repartides entre vós ás dúas?**

*Bueno, pois ás veces... se eu teño que ir a algún sitio quédame ela. Pero bueno, puf, se estou eu pois... doulle eu. Por exemplo a comida, se eu non cheguei, vailla dando ela. Pero bueno, normalmente...*

**Entón máis ben é... o teu recambio.**

*Si, axúdame. E claro, se non está ela pois axúdame a filla. Estes días, por exemplo, miña cuñada non está, todo este mes, e entón claro axúdame a filla porque se non... non me podería mover de aquí, practicamente.*

**E dis que ás veces necesita dúas persoas para ben ser, para movela, non?**

*Si, depende. Para deitala eu fágoo soa, pero bueno...*

**...non é unha cousa para facer todos os días.**

*Levo unha temporada da espalda bastante... mal. Fun ao médico, fíxome unha resonancia e díxome que non collera peso ningún. Pero claro, cando estou soa teño que collelo.*

**E cando facedes entre dous quen soledes ser?**

*Pois o que estea. Ao mellor ás veces, se está o xenro... hoxe mesmo deitouma el. Axudoume el, o fillo... Se está o fillo, o fillo. Ou o neto. O que estea.*

**E tedes algunha axuda para coidala? Da dependencia...**

Non, dannos 96 euros. Por estar así. Eu tampouco pedín no concello iso [refírese á axuda no fogar]. Como na casa somos bastantes e con uns ou con outros... alguén sempre está para axudar.

**Non vos interesaba o da axuda no fogar, logo.**

Non, daquelas que solicitamos non... e agora... porque esas axudas ao mellor chéganche a unha hora que... que ela xa... se non che pode vir para as 10 da mañá e me vén para as 11 ou as 12 eu xa a teño levantada, xa a teño... digo bueno, se estivese soa teríame que arreglar, tratar de que fora...

**Aínda que fora cambiarlle os horarios ou iso.**

Claro, pero como é así de momento... pois si. Danme 96 euros, é o que me dan.

**E cando enfermou sentástesvos a falar como habiades...? Bueno, despois desa caída... sentástesvos a falar de como habiades facer se necesitaba tanta atención ou simplemente foi pasando?**

Non, fomos mirando. Bueno, veu o doutor. O médico dela. E bueno, cando veu e cando a viu, cando nola mandaron de Lugo pois... estivo un rato falando con nós, comigo e co seu fillo e coa súa filla. E díxonos varias cousas como como que esta persoa ía necesitar unha persoa continua, practicamente... bueno, explicounos varias cousas e cando temos algunha cousica ou a vemos mal a verdade é que para nós é a man do ceo ese señor. E chamámolo, e explícanos, e dinos.

**En cando vós sabedes que esa vai ser a situación, que decidistes? Coidala...**

Si, desde todo momento coidala nós. Mentres que podamos.

**E por que?**

Bueno, pois non sei. Porque parécenos que é onde mellor... máis agustiño ela está. Porque podemos, tamén. Se eu por exemplo traballara ao mellor nunha empresa non podía. Pero non sei. Quizais o fogar familiar... eu que sei. Iso todo.

**Porque ela que era, desta casa? Ou non?**

Non, ela tivo que marchar para esta casa. Ela non era de aquí. Era de San Sadurniño.

**E casaría moi nova, seguramente.**

Non, creo que non, creo que non era moi nova, creo que non era moi nova cando se casou. Non sei, ao mellor tiña... 28 anos. Agora...

**Agora é normal, pero daquela...**

[INTERRUPCIÓN]

**Ela casou con 28 anos. Claro, para agora... ata sería nova! Para antes...**

Ti fíxate, casei con 19! Agora non, agora a xente xa se empeza a casar un pouquiño máis tarde. Nós... cando na miña xuventude... 17, 18, 19, 20. Unha locura. Pero bueno.

**Logo esta casa era do marido ou fixérona eles dous? É dicir, é herdada ou foi deles?**

*Esta onde vivimos agora?*

**Esta en concreto... a casa deles.**

*A casa deles. Non. Era do marido. El era fillo único.*

**Era unha casa herdada de xeración en xeración. E el era fillo único e quedou con todo.**

*Si.*

**E se, por exemplo, ela empeorara e necesitara aínda máis coidados, tedes pensada algunha cousa? O que fariades?**

*Non, non. Pensamos que se empeora de saúde moito e non lle podemos facer algo... se hai que ingresala nun hospital, pois si. Pero metela en algo... non.*

**E de contratar persoas?**

*De momento tampouco, o que pasa é que se empeora moito e é moito tempo... pois aí non sei.*

**E entre esas dúas opcións, cal vos parece mellor? Traer a alguén ou levala á residencia?**

*Traer a alguén á casa.*

**Si? Por que?**

*Bueno, pois que sigue ela no entorno. Porque ela parece que non, pero ela si coñece. Por exemplo, ve a bisneta e alégrase moito. Vea que xoga... ou sexa, que ela vese que no entorno que se encontra contenta, agusto.*

**E quen toma as decisións no que ten que ver con ela? Quen decide?**

*Bueno, un pouco os fillos e eu. Un pouco os tres.*

**Entre os tres.**

*Pero quizais a que máis ao mellor eu, ou porque son a que máis estou pendente dela quizais e... bueno, tamén a verdade é que penso que coincidimos no que...*

**Aínda nunca tivestes moito conflito...**

*Non, non. Nunca tivemos... non, iso non. "Mira, hai que lle facer iso ou outro". De momento coordinamos os tres moi ben.*

**Pero se houberse un desacordo, ti cres que poderías impoñerte sobre os demais?**

*Home, eu creo que non. Eles son os seus fillos. Eu considérome unha peza boa no coidala, pero son os seus fillos.*

**Como es a que máis está con ela e a que ten... tamén é normal que teñas o mesmo poder ou máis, non?**

*Si, bueno, eu creo que o teño. Pero se eles me dixeran... "isto é así", ao mellor lles deixaría. Sempre que eu vira algo de lóxica. Se non a vexo, pois ao mellor daría a miña opinión.*

***Ela algunha vez, antes de enfermar ou así, falou de como prefería que a coidaran nunha situación así?***

*Non, nunca dixo... pois... non, eu creo que non. Se o pensou, nunca manifestou nada de cousas así... hai xente que di "ai, se me vexo mal..." non, ela non. Ela nunca dixo nada.*

***Parece que son temas dos que non se fala.***

*Parece que si. Home, hai xente que si. Incluso hai xente que di: "ai, pois a min díxome miña sogra ou meu pai que se morro que non me tivera na casa ou que non me levara a un tanatorio". Xente que... pero no noso caso non. E claro, agora xa non sigue unha conversa. Agora xa é moi distinto.*

***Xa, agora...***

*Pero antes tampouco, nunca...*

***Agora repásame un pouquiño as persoas que vivides aquí nesta casa. Quen son, que relacións de parentesco teñen e máis ou menos en que idade andan?***

*Continuo ou...? Fixos, fixos estamos o fillo e eu, que son a nora. E despois a súa filla está moito, e despois está a súa neta, o marido e a nena. E o seu neto tamén está. O sea... ao mellor un día si, dous non. Habitualmente... hai días que estamos todos. Outros estamos menos... para que esteamos o fillo e eu, moi poucos. Hoxe á noite imos estar sos, pero moi poucas veces. Sempre...*

***E esas persoas que andan indo e vindo por onde viven?***

*En Sarría, a filla en Lugo. Agora mesmo non, que está de vacacións, pero se non dous días ou tres na semana está en Lugo. O sea, por esta zona.*

***E os netos, que fixeron? Teñen estudos? En que traballan?***

*Pois a neta está no paro. Axuda familiar, coida a nena. E o neto fixo o de bombeiro e agora mesmo está de baixa.*

***E o... o teu xenro?***

*Bueno, traballa nunha empresa de conxelados.*

***E o teu marido? O seu fillo, logo?***

*Traballan en Magnesitas.*

***Pero tedes explotación.***

*Si.*

***E na explotación quen traballa?***

*Tamén un pouco todos, pero máis eu e o seu fillo.*

***E a outra filla?***

*A outra filla está xubilada.*

**E anteriormente que fixo?**

*Era profesora.*

**E logo... e outros familiares vivos que teña sen que estean vindo por aquí?**

*Bueno, ela ten sobriños. Aquí cerca, de onde era ela. En San Sadurniño. Na casa do Campelo.*

**Son moitos, ou?**

*Bueno, sobriños propios quedánlle dous. Despois quedánlle sobriños políticos que veñen vela e bueno, é o que máis ten. Algún primo. Pero bueno, os que máis veñen frecuentala a ela son os sobriños.*

**Irmáns xa non lle quedan?**

*Non.*

**E os sobriños, canto se implican? Chaman preocupándose, chegan a vir aquí a coidala ou...?**

*Si, si. Non, coidala... cando está ingresada... se estivo ingresada en Lugo... si. Pero aquí na casa nunca. Pero bueno, tamén é verdade que nunca lle dixen "ven, que mañá non estou", que se non si, si. Pendentas dela e...*

**E téñense ofrecido?**

*Si, si, si, si, si.*

**E ti cres que se fixera falta que viría...?**

*Si, si, si, si. O que fixera falta.*

**De que maneira che parece mellor coidar unha persoa que está así: na casa, con axuda de xente contratada, só a familia, en residencia...?**

*A familia.*

**A familia soa, se pode ser?**

*Si.*

**Por que?**

*Pois vólvoche dicir... Quizais, ao mellor son eu un pouco así... morriñosa, pero bueno, porque está cos dela e... está no ambiente dela e non sei, non digo que... oe. Eu teño unha irmá que traballa nunha residencia e vexo que moi ben e ela fálame e dime... pero non sei, o ambiente familiar... o amor, o cariño... non sei, quizais.*

**E incluso en aquelas persoas que xa non coñecen á familia?**

*Igual, igual. Eu opino igual*

**E que che parecen as residencias, logo?**

*Bueno, pois paréceme unha cousa moi boa para o que non poida facelo, ou non dea, ou non queira. Pois polo menos está aí xuntiños e aténdenos, e paréceme ben. Eu non estou en contra delas, por suposto, ao mellor mañá estou eu. Pero bueno, eu podendo son de entorno familiar.*



**E a xente contratada que vén ás casas?**

*A verdade é tampouco podo opinar desa xente porque a min como tampouco nunca me veu ningunha, pero bueno, por xente que coñezo que lles vén din que moi ben, que colaboran, que incluso ás veces lles mandan facer e fan cousas que ao mellor non teñen que facer. Eu creo que é xente que funciona moi ben. Eu polo que lle oio á xente. Que eu non teño a experiencia, que nunca veu ninguén.*

**E logo gústache máis esa idea, de que veña a persoa?**

*Si, se a necesitara gústame máis esa idea de que veña alguén. Oie, pois imaxina que eu por exemplo un día estea soa pola circunstancia... e teña que ir a algún lado, ao un médico ou algo... pois eu prefiro que veña unha persoa que xa a coñeces ou... que iso, no rural normalmente pois coñeces. Vén unha persoa e queda aquí, pois parece que me vou máis tranquila. Non sei.*

**E se ti no futuro te vises nunha situación de dependencia, como che gustaría que te coidaran?**

*Igual. Pero bueno, efectivamente hai casos de casos. E se por exemplo traballan fóra e non poden coidarte pois tampouco... neste mundo non se pode pedir nada imposible. Hoxe en día o que ten un traballo non o pode tampouco abandonar por coidar a unha persoa e despois quedarse sen el, claro.*

**Paréceche que o traballo de coidar se valora tanto como se debería? Digo tanto pagado como sen pagar, tanto o que podes facer ti coma o outro...**

*Quizais non. Quizais non, porque bueno. Non sei. O que ti poidas facer xa non o fas con ese fin. Falo porque necesitas facelo, porque ves que tes que facelo. Pero... porque o sentes. Eu creo que nas residencias, nunha residencia que funcione ben, ao mellor ese persoal non está demasiado ben pagado. Porque ti se estás contenta nun traballo digno eu creo que tamén estás máis contenta. Ti se estás mal nun traballo... ao mellor quen o pagan son persoas. Non é como estar nunha oficina bueno pois ao mellor isto déixoo para outra cousa. Para mañá. Pero quizais estea pouco pagado. Quizais. Tampouco sei ben o que cobran, pero eu falo... máis ou menos.*

**E ti que fas este traballo todos os días con turnos case sen descanso... pensas que se che recoñece o suficiente? Tanto na familia como...**

*Pois non o sei. Eu creo que si, porque ven que está ben, que está contenta, eu creo que si. Ademais, sinceramente, xa non o fas tampouco para que cho valoren, falo porque o sentes, porque foi unha persoa que... bueno, moitos anos xuntos. E bueno, comigo sempre fomos moi unidas. Non o fas quizais para que cho valoren.*

**Logo ti cres que igual se non tivésedes tan boa relación igual tería sido distinto, ou non?**

*Pois non o sei. Non o sei. Creo que non, porque eu nese sentido son así un pouco... eu creo que non, pero bueno ao mellor en algún momento inflúe. Veste agobiada e dis "jo, eu fa..." Pode ser que inflúa, pero bueno. No meu caso, non.*

**A ti gústache coidar?**

*Si. Bueno, agóbiome un pouco se a vexo moi maliña. Agóbiome bastante, incluso non durmo e tal. Pero bueno...*

**Logo túa sogra, polo que me contaches, tivo dous fillos.**

*Si*

**E ela que traballaba, na casa?**

*No campo, si.*

**No campo, a explotación, as labores da casa e as que correspondera fóra.**

*Si, si (afirma).*

**E o marido, traballaba fóra, ou dedicábase á explotación?**

*Axudáballe a ela. E traballaba en Magnesitas.*

**Entón, claro, tamén tivo o seu traballo ela. Un dos dous fillos foi herdeiro, como é aquí o costume?**

*Si, o fillo. O meu marido.*

**O herdeiro... normalmente o fillo... el que era, maior ou?**

*Máis novo que a irmá.*

**Pero como era home... tocoulle?**

*Si, ou como a irmá é que fixo a carreira... e se foi... pois el era máis pequeno. Porque aínda se levan bastante porque no medio tiveron un neno que morreu de desgracia, matouno unha bestia e... pois entre dous fillos débense levar... lévanse doce anos. Ela é doce anos máis maior que o meu marido. Cando morreu el debía ter oito anos ou algo así. E despois bueno, ao ano seguinte tiveron este.*

**E porque cres que lle tocou ser herdeiro logo?**

*Bueno, porque el estaba moito aquí na casa. El foise quedando aquí con eles, con eles... como a filla estaba fóra... Costume que había antes, quizais. Agora xa a xente é distinto, pero antes...*

**E a el tiráballe, ou non?**

*Eu creo que si, se non non se quedaría, non o sei. Porque el fixo algo, tamén estudou algo. Eu creo que si, sinceramente. Se non, non se quedaría, non sei. Tamén casouse xove, casamos novos. Tamén ao mellor influíu iso para quedarse, claro.*

**Tamén el tiña outro traballo, ou foi despois de casar?**

*Non.*

**Foi máis tarde.**

*Si, si. Estaba aquí cando nos casamos e despois si, traballou en varios sitios, traballou aquí na mina de axudante de topógrafo, traballou... bueno, agora leva uns anos en Magnesitas.*

**Que pensas que significa ser herdeiro aquí, nesta zona?**

*Eu.. creo que un pouco coidar os pais e despois non sei. Quedarte así na casa e non sei, un pouco... quizais antes. Agora xa non sei, pero antes era así. Dicía oes, o herdeiro é o que ten que coidar os pais.*

***Dicíase tal cual?***

*Si, si. Antes si.*

***Si? Pois eu pensaba que era algo máis... pensaba que non se dicía.***

*Non, non. Antes dicíano, si si. E acórdome na miña xuventude: “pois casouse fulatina, casou cun herdeiro, pois ten que ir alí e coidar os pais”. Os sogros. Antes... bueno, agora iso xa cambiou tamén. Normalmente xa a xente non se queda, cada matrimonio... bueno. A vida cambiou.*

***Pois a moitas noras lles toca, claro, con iso.***

*Claro.*

***Vos toca.***

*Bueno, e ao mellor en outros casos van para á casa da muller e tócalle ao xenro ao que vai. Non cabe dúbida.*

***O que pasa é que aquí pesa bastante a tradición. Nesta zona.***

*Si, si. No rural... despois ao mellor hai zonas. Tamén.*

***Si, noutras zonas de Galicia é completamente distinto.***

*Si, porque eu coñezo algunha xente que di... pode ser... si, porque eu como coñezo xente algunha de por aí... e que di “ojó, madremía, a min que non me digan quedarme toda a miña vida coidando os pais ou os sogros, non”. E xa non se refire xa ós sogros. Di aos pais! Mira, cada mes un fillo. Son... quizais costumes.*

***Claro.***

*Distintas, digo eu. Non sei.*

***Pero aquí sempre houbo o costume dos dous terzos ao herdeiro.***

*Si, iso máis ou menos. E... son quizais...*

***E a cambio parece que vai iso.***

*Si, pero eu creo que agora que se perdeu, que se está perdendo.*

***Aínda debe estar aí en fase, non?***

*Si, pero non. Tende a desaparecer. Eu creo. E en realidade eu creo que é mellor así, pero bueno. Non sei, se ti... é que hoxe para quedarse un matrimonio é distinto. Daquela... non tiñamos. Non tiñamos estudos. Para onde ía unha muller? Non había maneira. Pero hoxe non, hoxe gracias a dios as mulleres estudades... e sodes válidas para calquera cousa. Entón claro, se ti tes un traballo... mañá casas e... irte meter a unha casa... sexa dos pais ou para coidalos... e para que estiveches estudando toda a vida? É unha tradición un pouco... iso non quere dicir que non os vaias coidar e atender ou estar pendente deles, pero é moi distinto.*

***E logo ehh entre os dous irmáns xa teñen arreglado, ou?***

Non, non. Non, non.

**E sábese como vai ser?**

Non sei, eu aí nunca...

**E pensas que pode haber discusións por iso ou...?**

Eu creo que non. Eu créoo, pero dese tema eu nunca falei nada. Non sei nada diso, pero non. Penso que non.

**Seguramente lle tocará a el a mellora e...**

Si, bueno, iso penso que si.

**E a outra o de ter feito unha carreira?**

Si, será así. Iso xa é algo que non che podo... porque non sei como... pero bueno, non creo que teñan problemas entre eles.

**Lévanse ben entre eles e iso...**

**E logo... a túa sogra ten esta casa, e teñen leiros... e o típico, non? Unha explotación?**

Si, si.

**Pois agora vouche facer unhas preguntas sobre ti máis ben e logo miramos a ver se foi quedando algo.**

**Onde naciches tí?**

Eu nacín en Noceda.

**Pero non viñeches de Noceda para aquí?**

Si, si. Eu cando me case aos 19 anos viñen para aquí. Bueno, eu estiven de pequena en Bilbao cos meus pais. En Bilbao estaría 4 anos, tería de 9 a 12 ou así.

**E cantos anos tes agora? Ou en que ano naciches?**

No 60. O quince de maio, mañá fago!

**Ah, si? Felicidades!**

Si, o 15 de maio do 60.

**E cal é o teu traballo? Cal dirías que é o teu traballo?**

Pois un pouco de todo. Ou respecto a aquí, á avoa te refires?

**De todo, de todo.**

Un pouco na explotación. Bastante. Tarefa.

**Que é? Gandeira de leite?**

Si. Pequena. Catorce vacas e bueno, a explotación e despois a avoa aquí na casa... o típico.

**E ao longo da túa vida sempre te dedicaches... a iso?**

*Si, si.*

**Á explotación e á casa?**

*Si*

**E cal foi o nivel máximo de estudos que cursaches?**

*O graduado escolar.*

**E estudaches algún oficio?**

*Nada, nada.*

**E tiñas ganas de estudar, ti?**

*Non, eu non debía ser moi boa estudante. É que eu sempre lles... bueno, tiña unha irmá maior e ela estudo ou bachiller... entón eu era a segunda. Despois había dous máis pequeniños, entón eu sempre lle andaba axudando. Saín da escola aos 14 anos e axudando ao papá e á mamá para todo. E coidándoos.*

**Erades dúas irmás e dous irmáns?**

*Non, eramos tres irmás e un irmán. O irmán morreu de desgracia. Entón eu era a segunda, ou sexa, despois da maior... e claro eu quedei na casa pois iso, axudándolles... e bueno, despois caseime xove tamén. Aos 19 anos tampouco tiveren moito tempo (risas).*

**E quen quedou de herdeiro na túa familia?**

*Miña irmá, a terceira.*

**E aínda sigue a casa e todo iso?**

*Si, bueno... ela agora traballa nun xeriátrico e a casa... nada, teñen tres ou catro vacas, nada.*

**Viven no sitio e todo iso...**

*Si, si, viven no sitio e están cos pais. Si, si.*

**Pois penso que está todo, está todo.**

*Ti mira que estea todo, se non ampliamos.*

***mm... se che parece repasamos un pouco como vos repartides. Se che parece ben, logo.***

*Asinte.*

**Logo ti es a principal. Sobre todo... a súa outra filla...**

*Si, despois dáme axudas*

**E o fillo, que?**

*E o fillo tamén. Claro, el traballa nunha empresa. Cando está... tamén. Cando fai falta tamén colabora, pero el tampouco... está menos na casa. Normalmente traballa sempre de mañá e despois vén comer, ás veces ten que ir de tarde e ás veces non pero bueno, se non ten que ir... como tamén fai as cousas na explotación e o tractor e iso... menos. Entón, pois bueno, claro eu son a que máis. Despois un pouco, se fai falta, o que estea un pouco.*

**É que moitas veces estando os fillos... coidan moitísimo máis as noras... por que cres que é iso?**

*Pois non o sei. Eu aí si que non sei, eu que sei. Será porque... ao mellor a nora está de antes... non o sei. Neste caso, por exemplo, quizais sexa... aínda que bueno, miña filla a verdade é que axuda moito cando está e iso pero bueno, quizais eu que sei. Ao mellor pois costumes...*

**Parece que sempre lles toca ás mulleres.**

*Bueno, si. E aí si, eu creo que a maior parte...*

*Despois tamén ela no caso de miña sogra era unha persoa... agora daralle igual, pero nun momento que estivo ingresada cando rompeu a cadera que estivera ben tempo... pois ela ao mellor á hora de cambiarlle o pañal o fillo... se llo tiña cambiar, pois bueno, deixaríalle, pero era moooi reservada, era unha persoa moi reservada. Agora por exemplo deitámola... agora mesmo non, pero ao mellor fai catro ou cinco anos, saber que ao mellor lle baixabas o pantalón, cambiarlle o cueriño se estaba o fillo alí dicíalle: "vaite!!". Ou sexa que era moi reservada niso.*

**E a ti que che parece que lles toque ás mulleres a maioría das veces? Como o ves?**

*Eu nun sentido véxoo ben, pero bueno tamén é verdade que lles toca... sexa muller ou sexa home, por exemplo neste caso é miña sogra, pero se fora meu sogro quizais me tocara a min igual. E bueno, eu faríallo igual. Ao mellor pois dicía pois ao mellor o fillo. Pero claro, ao traballar fóra tamén é máis difícil porque claro, ao non estar non vas estar esperando a que veña para facer as cousas ou darlle a comida ou... aquí un pouco ao mellor é tradición, o que falabamos antes. Aos noras, ao mellor ao quedar na casa... ou as fillas... na casa. É a que o ten que facer.*

**E aparte ás veces coidas de túa neta?**

*Ás veces si.*

**Como canto?**

*Pois cando se non están. Por exemplo fóronse de vacacións este ano. Estaba miña cuñada tamén ou tal. Pero bueno, poucas veces pero así soa con el quedamos pouco. De vez en cando eles queren facer unha escapadiña, para iso están os avós.*

**E non dá moito choio**

*Non, non é tranquiliña, e boa.*

**Bueno, pois creo que está todo. Moitísimas grazas!**

*Ai, non, filliña, que che valga de algo.*